

LIBRO ORDENANZAS
FISCAIS
CONCELLO DE TEO
ANO 2024

ÍNDICE DE CONTIDOS	PÁXINA
IMPOSTOS OBRIGATORIOS	
- ORDENANZA REGULADORA IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	4
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES	8
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	27
IMPOSTOS POTESTATIVOS	
-ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS	38
-ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA	55
TAXAS	
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO	71
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN	74
-ORDENANZA FISCAL PARA A REGULACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL	81
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO POR EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS E SUBMINISTROS DE INTERESE XERAL OU QUE AFECTEN Á XERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO	84
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E POR RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE	93
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓ DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS	97
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓ DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTO, PROTECCIÓN DE PERSOAS E OUTROS SEMELLANTES	101
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA	106
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS	125
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E SOCIOCULTURAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL	128
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER DO CONCELLO DE TEO	132
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓ DE LICENZAS URBANÍSTICAS	135
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE EXPEDICIÓ DE CARNÉ PARA A VENDA NO MERCADIÑO DE TEO E PARA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO	142
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓ DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS	147
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS FUNERARIOS	150
-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	155
- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO DE SOLLÁNS-ETC DE TEO	161

-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE	165
PREZOS PÚBLICOS E PRIVADOS	
-ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, SOPORTES DE CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS PARA EXHIBICIÓ DE ANUNCIOS	170
-ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	172
-ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS	176
-ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS PISCINAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL	185
- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR	193
-ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PRIVADO POR ENTRADA A ESPECTÁCULOS TEATRAIS	202

ORDENANZA REGULADORA IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1. Fundamento e réxime.

De conformidade co disposto no artigo 75.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e de acordo co previsto no artigo 59.1.b) da citada lei en orde á esixencia do imposto sobre actividades económicas, establécese esta ordenanza fiscal, conforme aos artigos 78 a 97 do TRLRFL.

O imposto sobre actividades económicas rexerase neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste, contidas no TRLRFL, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) A presente ordenanza fiscal ten por obxecto regular o coeficiente de ponderación e coeficiente de situación do imposto sobre actividades económicas aplicables neste concello, que quedarán fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2.–Coeficiente de ponderación.

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación, determinados en función do importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo:

Importe neto da cifra de negocios (€)	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
IVláis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra de negocio	1,31

Para os efectos de aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto na letra c) do parágrafo 1 do artigo 82 do RDI 2/2004.

Artigo 3.–Bonificacións.

Terán unha bonificación de ata o 95 por cento os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicárase do seguinte xeito:

O 95 por cento pola creación de máis de 20 postos de traballo.

O 75 por cento pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

O 50 por cento pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, e manterase durante tres exercicios tributarios.

As contratacións deberán ser indefinidas.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento da citada bonificación, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

No prazo de dous meses dende o inicio do exercicio obxecto de bonificación o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Para o mantemento da bonificación, as condicións referidas na solicitude deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

A concesión da bonificación por xeración de emprego xurdirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda, e manterase, durante tres exercicios presupostarios.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición derogatoria única

Queda derogada a ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas, publicada no BOP da Coruña n.º 298, do 31 de decembro de 1991.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza foi aprobada mediante acordo plenario de data 27/03/2019. BOP n.º108 de data 10/06/2019.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1º .- Fundamento e réxime xurídico

De acordo ó establecido no artigo 54 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Teo establece o imposto sobre bens inmuebles, cumprindo así o mandato imperativo contido no artigo.

O imposto sobre bens inmuebles rexerase neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) Pola presente Ordenanza fiscal

Artigo 2º .- Natureza

O imposto sobre bens inmuebles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmuebles nos termos establecidos no RDLex 2/2004, de 5 de marzo, e na presente ordenanza.

Artigo 3.º .-Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmuebles rústicos e urbanos e sobre os inmuebles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmuebles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, dos definidos no apartado anterior pola orde nel establecido, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades previstas neste.

3. No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

Artigo 4.º .-Clases de bens inmoables para os efectos do imposto.

1.-Terán a consideración de ben inmovible a parcela ou porción de solo dunha mesma natureza, encravada nun termo municipal e pechada por unha liña poligonal que delimita, para tales efectos, o ámbito espacial do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso e, no seu caso, as construcións emprazadas no dito ámbito, calquera que sexa o seu dono, e con independencia doutros dereitos que recaian sobre do inmovible.

2.-Terán tamén a consideración de bens inmoables:

a) Os diferentes elementos privativos das edificacións que sexan susceptibles de aproveitamento independente, sometidos ó réxime especial de propiedade horizontal, así coma o conxunto constituído por diferentes elementos privativos mutuamente vencellados e adquiridos en unidade de acto e, nas condicións que determinen os regulamentos de desenrolo do Real Decreto 1/2004, Texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, os trasteiros e prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ó uso e goce exclusivo e permanente dun titular. A atribución dos elementos comúns ós respectivos inmoables, ós simples efectos da súa valoración catastral, realizarase na forma que se determine no devandito desenrolo regulamentario.

b) O ámbito espacial dunha concesión administrativa sobre dos bens inmoables ou sobre dos servizos públicos ós que se atopen afectos.

c) Os bens inmoables de características especiais.

3.-Os bens inmoables clasifícanse catastralmente en urbanos, rústicos ou de características especiais. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

4.-Enténdese por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico coma urbano, o que teña a consideración de urbanizable segundo o planeamento i estea incluído en sectores, así coma o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenrole, e o que reúna sas características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoracións. Terán a mesma consideración aqueles solos nos que se poidan exercer facultades urbanísticas equivalentes ós anteriores segundo a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia vixente.

Exceptúase da consideración de solo urbano o que integre os bens inmobles de características especiais.

5.-Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana nin estea integrado nun ben inmovle de características especiais.

6.-Terán a consideración de construcións:

a) As edificacións, sexan cal sexan os materiais dos que estean construídas e o uso ó que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ó solo e con independencia de que se alcen sobre da súa superficie ou se atopen encravados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.

b) As instalacións industriais, comerciais, deportivas de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose coma tales, entre outros, os diques, tanques, zonas de carga, peiraos, pantaláns e invernadoiros, e excluíndose, en todo caso, a maquinaria e os útiles.

c) As obras de urbanización e de mellora, tales coma as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, coma son os recintos destinados a mercados, os depósitos ó aire libre, os campos para a práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios ós edificios e instalacións.

Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que determinen os regulamentos de desenrolo da Lei do Catastro Inmobiliario, sen prexuízo de que o seu valor se deba incorporar ó do ben inmovle coma parte inherente ó valor do solo, nin os cubertos ou alpendres de escasa entidade.

7.-Os bens inmuebles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificacións, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de xeito definitivo para o seu funcionamento, se configura para os efectos catastrais coma un único ben inmueble.

Considéranse bens inmuebles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

- a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refinado de petróleo, e as centrais nucleares.
- b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas en exclusiva ó regadío.
- c) As autopistas, estradas e túneles de peaxe.
- d) Os aeroportos e portos comerciais.

Artigo 5º . Supostos de non suxeición

Non están suxeitos ó imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.
- Os seguintes bens inmuebles propiedade deste Concello:

- a) Os de dominio público afectos ó uso público.
- b) Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmuebles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 6.º .-Exencións

1. Estarán exentos os seguintes inmuebles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así coma os que sexan propiedade do Estado afectos á defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que teñan coma aproveitamento principal a madeira e a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean adicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentos, polo tanto, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de ocio, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2.-Igualmente, previa solicitude, que deberá ser presentada antes da data do devengo, incluíndo a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado. Esta circunstancia acreditarase mediante:

- Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da condición de centro concertado, asinable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de concerto.

- Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servicios complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así coma os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita lei.

Esta exención terá os límites previstos no artigo 62.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por RDLex. 2/2004.

c) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta circunstancia acreditarse mediante certificación acreditativa emitida pola Delegación Provincial da Dirección Xeral de Montes. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude

3. Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste Concello dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

4. Por último, e segundo o establecido no título I, capítulo III, artigo 15, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos

Fiscais ao Mecenado, estarán exentos os bens dos que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos, excepto os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades. Para gozar da exención, as ditas entidades deberán comunicar ó Concello, antes da data do devengo do imposto, a opción regulada no artigo 14.1. da Lei 49/2002.

5. Gozarán, así mesmo, de exención, ó abeiro da habilitación contida no artigo 62.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, por motivos de eficiencia e economía na xestión recaudatoria, os inmobles de natureza urbana e rústica, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 euros. No caso de que toda-las cuotas dun suxeito pasivo relativas os bens rústicos que posea no concello estén agrupadas nun único documento de cobro, tomarase como referencia esta cota agrupada aos efectos de aplicar esta exención. Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos por esta causa en ningún caso.

Artigo 7.º .-Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto, conforme ó disposto nesta ordenanza fiscal.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovle de características especiais será substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada, conforme as normas de dereito común.

3. O substituto do contribuínte a que se refire o apartado 1, poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lle corresponda en proporción ós canons que deba satisfacer cada un deles.

3. O Concello repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos deste, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Artigo 8.º .-Afección real e responsabilidade

1.-Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoables obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

2.-Para os efectos anteditos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto de Bens Inmoables asociadas ao inmoable que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración do imposto, cando tal obrigaón se manteña por non terse aportado a referencia catastral do inmoable, conforme o apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da débeda tributaria e, asimesmo, sobre as responsabilidades en que incurran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme o previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

3.-Responderán de xeito solidario da cota deste imposto, i en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, se figuran inscritos coma tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 9.º .-Base imponible

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmoables, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme o disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 10.º .-Base liquidable

1.-A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución á que se refiren os artigos 67, 68, 69 e 70 do RDL. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.-A base liquidable notificarase conxuntamente coa imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada

mediante a indicación do valor base que corresponda ó inmovible, así coma dos importes da dita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste imposto.

Sen prexuízo do anterior, que sera aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos casos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no párrafo anterior, referidos ao exercicio no que se practique a notificación.

3.-Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do catastro e recorrible perante os tribunais económico-administrativos do Estado.

4. O coeficiente para a obtención do valor base utilizado para o cálculo da redución da base imponible aplicable ás construcións ubicadas en solo rústico é 1

Artigo 11.º .-Cota íntegra

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ó que se refire o artigo 13º desta ordenanza.

Artigo 12.º .-Cota líquida

A cota líquida deste imposto será o resultado de minora-la cota íntegra co importe das bonificacións previstas nos artigos seguintes.

Artigo 13º .-Tipo de gravame

Os tipos de gravame aplicables neste concello serán os seguintes:

- a) Bens inmoables de natureza urbana: 0,54%
- b) Bens inmoables de natureza rústica: 0,30%
- c) bens de características especiais: 1,3%

Artigo 14.º .-Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que comecen as obras ata o posterior ó remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude de bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para gozar da devandita bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.
- d) Copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no imposto sobre actividades económicas.
- e) Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo colexio oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

2. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, gozarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres períodos impositivos, contados dende o período seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo

interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e producirá efectos dende o período seguinte á solicitude.

Ao longo dos períodos carto e quinto seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos cinco períodos, producindo efectos, en todo caso, dende o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible, a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible, copla que acredite a presentación do modelo 901 de alteración da titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmovible.

Non haberá dereito a bonificación a partir do sexto exercicio, inclusive, dende o de outorgamento da cualificación definitiva.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estea empadroado, coas seguintes características:

CATEGORIA DE	%Bonificación valor catastral menor ou igual a 60.000 euros	%Bonificación valor catastral entre 60.000 e 120.000 euros	%Bonificación valor catastral maior de 120.000 ata 240.000 euros
XERAL	45	30	20
ESPECIAL	55	40	30

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible que o interesado a solicite, debendo acreditar:

- a) O empadramento na vivenda obxecto de solicitude.
- b) A condición de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

c) Para gozar desta bonificación deberá presentar, anualmente, unha copra compulsada do título de familia numerosa.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Con carácter xeral, o efecto da concesión da bonificación comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non terá carácter retroactivo.

4. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo provincial, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre o réxime fiscal das cooperativas.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.

5. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto os inmobles nos que se desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas, e de ata un 95% durante tres exercicios económicos consecutivos, cando concorran circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

5.1. A bonificación da cota, no caso da declaración de especial interese municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego será, en función das prazas creadas:

a) Ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.

b) Ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo	50%
---------------------------------------	-----

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de máis de 20 postos de traballo 95%

5.1.1. As contratacións deberán ser indefinidas.

5.1.2. O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

5.1.3. Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmoables arrendados.

5.1.4. Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

5.1.5. A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

5.1.6. A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

5.1.7. Tramitación no caso de execución de construcións, instalacións ou obras antes do inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licencia, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

5.1.8. Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade:

O prazo de presentación da solicitude de bonificación será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.

- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

– No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

5.1.9. Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

5.1.10. Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

A concesión da bonificación por xeración de emprego xurdirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda, e manterase, durante tres exercicios presupostarios.

5.2. No caso de concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas, o suxeito pasivo solicitará a declaración, xuntando memoria xustificativa destas circunstancias.

5.3. Corresponderá a declaración de especial interese ou utilidade municipal ao Pleno da Corporación e acordarse polo voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo.

O Pleno da Corporación poderá solicitar documentación complementaria sobre os aspectos incluídos na memoria xustificativa.

6. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante 3 períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación ou da obtención do certificado de eficiencia enerxética, os inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos, en calquera dos seguintes supostos, sempre que se acredite a concesión da licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa:

6.1. Cando os inmobles teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a) que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4m² por cada 100m² de superficie construída; e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5kw por cada 100 m² de superficie construída.

b) que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c) que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

6.2. Que o inmovble teña certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar. Para a aplicación desta bonificación será necesario que a certificación enerxética coa máis alta cualificación non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

6.3. Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

6.3.1. No suposto da bonificación do artigo 6.1:

☐ Proxecto ou memoria técnica.

☐ Certificado de montaxe, no eu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma.

☐ Especificacións técnicas dos sistemas autorizados.

☐ Acreditación de concesión de licenzas de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra de instalación dos sistemas de produción de enerxía.

☐ Certificación final das obras, no seu caso.

6.3.2. No suposto da bonificación regulada no artigo 6.2:

☐ Acreditación da concesión de licenzas de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.

□ Certificación de eficiencia enerxética rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. As bonificacións, serán acordadas na Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos do Concello, agás as recollidas no punto 5 do acordo.

8. As bonificacións contempladas nos puntos 2 e 3 e nos apartados 1 e 2 do apartado 6 deste artigo serán compatibles, sen que, en ningún caso, poidan exceder do 60% da cota íntegra de forma acumulativa. Son incompatibles as bonificacións dos apartados 1 e 2 do punto 6 deste artigo.

Artigo 15.º .-Período impositivo e devengo

1.-O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2.-O período impositivo coincide co ano natural.

3.-Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación perante o Catastro Inmobiliario, terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoables de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 16.º .-Declaracións catastrais

As alteracións referidas ós bens inmoables susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formaliza-las declaracións conducentes á súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme o establecido na súa normativa reguladora.

Artigo 17.º .-Xestión do imposto

A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos dictados en virtude da xestión tributaria deste imposto levarase a cabo conforme ó preceptuado nos artigos 7, 8 e 77 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo así coma as demais disposicións que resulten de aplicación.

Artigo 18.º .-Revisión

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisables nos termos e de acordo cos procedementos sinalados no RDLex. 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais , e no RDLex. 1/2004, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisables conforme o preceptuado no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais concordantes de aplicación.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de novembro de 2004, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza foi publicada no BOP nº300 de data 31/12/2004

1. **Modificación:** Acordo plenario de data 24/09/2015. BOP nº228 de data 27/11/2015. Modifícanse os artigos 13 e 14.

2. **Modificación:** Acordo plenario de data 28/04/2016. BOP nº 123 de data 30/06/2016. Modifícase o artigo 13.

3. **Modificación:** Acordo plenario de data 27/06/2018. BOP nº 160 de data 23/08/2018. Modifícanse os artigos 10 e 13.

4. **Modificación:** Acordo plenario de data 27/03/2019 BOP nº 108 de data 10/06/2019 Modifícase o artigo 14.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1.º . Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos seus artigos 92 a 99, do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

Artigo 2º . Normativa aplicable

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica, rexerase neste Concello:

- a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan a dita lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 3º . Feito imponible

1.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un imposto directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.-Se considera vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivera causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. A xestión, liquidación, recaudación, inspección, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponderá a este Concello ou Administración na que delegue cando o enderezo que figure no permiso de circulación do vehículo radique no termo municipal.

Artigo 4º .- Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitos a este imposto:

- a) Non están suxeitos a este imposto os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poden ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
- b) os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

Artigo 5º .-Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste impuesto, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a nome das cales conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 6º .-Responsables

Todo o relativo a os responsables deste tributo, determinarase de conformidade co previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; na Lei Xeral Tributaria, artigos 41 a 43; no Regulamento Xeral de Recadación e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 7º .-Exencións

1. Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste parágrafo, se consideran persoas con minusvalía quen teña esa condición legal en grao igual ou superior ó 33 por cento.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da libreta de inspección agrícola.

2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar súa concesión, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán adxunta -la seguinte documentación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

1.-Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.

2.-Fotocopia do permiso de conducción (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.-Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4.-Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que figure o conductor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

5.-Fotocopia DNI.

6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.-Estar empadroadado no Concello de Teo

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos.

Vehículos destinados ó transporte de minusválidos:

1.-Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste ademais do grao de minusvalía, si o minusválido ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e si ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

2.-Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.-Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4.-Fotocopia DNI do minusválido e do conductor habitual do vehículo.

6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.-Estar empadroadado no Concello de Teo

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos, así como ó oportuno informe, en caso necesario da policía local.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do minusválido, e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellería de Asuntos Sociais non se deduza que o minusválido ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

Artigo 8º .-Cota tributaria.

1.- O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,25 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

A) Turismos:

De menos de 8 cabalos fiscais: 15,78 euros.

De 8 ata 11,99 cabalos fiscais: 42,60 euros.

De 12 ata 15,99 cabalos fiscais: 89,93 euros.

De 16 ata 19,99 cabalos fiscais: 112,01 euros.

De 20 cabalos fiscais en adiante: 140,00 euros.

B) Autobuses:

De menos de 21 prazas: 104,13 euros.

De 21 a 50 prazas: 148,30 euros.

De máis de 50 prazas: 185,38 euros.

C) Camións:

De menos de 1.000 kg de carga útil: 52,85 euros.

De 1.000 a 2.999 kg de carga útil: 104,13 euros.

De máis de 2.999 a 9.999 kg de carga útil: 148,30 euros.

De máis de 9.999 kg de carga útil: 185,38 euros.

D) Tractores:

De menos de 16 cabalos fiscais: 22,09 euros.

De 16 a 25 cabalos fiscais: 34,71 euros.

De máis de 25 cabalos fiscais: 104,13 euros.

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 kg e máis de 750 kg de carga útil: 22,09 euros.

De 1.000 a 2.999 kg de carga útil: 34,71 euros.

De máis de 2.999 kg de carga útil: 104,13 euros.

F) Outros vehículos:

Ciclomotores: 5,53 euros.

Motocicletas ata 125 cc.: 5,53 euros.

Motocicletas de máis de 125 cc ata 250 cc.: 9,46 euros.

Motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc.: 18,94 euros.

Motocicletas de máis de 500 cc ata 1.000 cc.: 37,86 euros.

Motocicletas de máis de 1.000 cc.: 75,73 euros.

Artigo 9º .-Bonificacións

1.-Terán unha bonificación do 75% na cota do imposto os vehículos eléctricos ou os movidos por hidróxeno, durante dez anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

Terán unha bonificación do 50% na cota do imposto os vehículos híbridos (eléctricos-gasolina) e os que monten motores de gasolina sen chumbo e o grao de emisións de CO₂ sexa inferior a 100g/km, durante dez anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade á data de devengo do imposto. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

As persoas interesadas deberán aportar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

2.-Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, si esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación o, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo o variante deixouse de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán

acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma, ben por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditaráse aportando a catalogación como tal polo órgano competente da comunidade Autónoma.

O petionario deberá xustificar, asimesmo, estar ao corrente no pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos catro últimos exercicios ou certificado equivalente.

Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a exención aplicarase desde o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Artigo 10º .-Período impositivo e devengo.

1.- O período impositivo coincide có ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comenzará o día no se produza a devandita adquisición.

2.-O imposto devégase o primeiro día do período impositivo.

3.-O importe da cota do imposto prorratarase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, i elo desde o momento no que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Artigo 11º .- Xestión do imposto

1.- Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos o cando estes se reformen, de xeito que altere a súa clasificación aos efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán ante a Administración municipal e con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto, para o cal cumplimentarase o modelo-impreso aprobado por este Concello facendo contar los elementos tributarios determinantes da cota a ingresar.

Acompañarase:

- Documentación acreditativa da compra ou modificación do vehículo.
- Certificado das Características Técnicas
- DNI o CIF do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresara o importe da cota do Imposto resultante da mesma.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola Administración municipal non se comprobe que a mesma efectouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto. A oficina xestora, tras verificar que o pago fíxose na cuantía correcta, deixara constancia da verificación no impreso de declaración.

2. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestiónase a partir do Padrón anual do mesmo.

As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacions da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de enderezo.

O padrón do Imposto expoñerase ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formulalas reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial de la Provincia e no tablón de anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que a débeda fora satisfeita, iniciárase o período executivo de recadación, o que comportará o devengo do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondentes. O devandito recargo será do 5% cuando a débeda se ingrese antes de que fora notificada a providencia

de constrinximento e do 10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

Artigo 12º . Xustificación do Imposto

1.- O pago do imposto acreditarase mediante o impreso de autoliquidación ou o recibo, debidamente validado pola Entidade recadadora.

2.- Quenes soliciten ante a xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular un vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

3.- Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de enderezo que conste no permiso de circulación do vehículo, o de baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible, por vía de xestión e inspección, o pago de tódalas débedas por dito concepto, devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obrigação de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou mais anos de antigüidade.

4.- As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do imposto, nos termos establecidos nos apartados anteriores.

Disposición adicional única

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado o calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de novembro de 2004, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

- 1. A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº 300 de 31/12/2004*
- 2. **Modificación:** Acordo plenario de data 27/10/2011. BOP nº241 de data 21/12/2011. Modifícase o artigo 8.*
- 3. **Modificación:** Acordo plenario de data 25/10/2017. BOP nº241 de data 21/12/2017. Modifícase o artigo 9.*

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Artigo 1.º . Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º . Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible do Imposto a realización no termo municipal de Teo, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, ou para a que se exixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Teo

2.-Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas na que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior; e en particular as seguintes:

- a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten a estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servicios públicos, que corresponderán tanto as obras

necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.

f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.

g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.

h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa seu emprazamento.

i) Os usos e instalacións de carácter provisorio.

l) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.

ll) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.

m) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

n) Derrubamentos.

ñ) Aliñacións e rasantes.

o) As que se realicen en cemiterios.

p) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística.

3.-Quedan tamén incluídas no feito impositivo do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais

competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

Artigo 3º . Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitas ao imposto regulado na presente ordenanza:

- a) As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ao Patrimonio Municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.
- b) as obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.
- c) as obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche das vías públicas se efectuouse a cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.
- d) as obras, construcións e instalacións que promova dentro do termo municipal de Teo a Mancomunidade de Concellos de Compostela
- e) A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ao Patrimonio municipal.
- f) as obras realizadas nos centros públicos e nos centros privados concertados sempre que estas se realicen nos niveis de educación obrigatoria.

Artigo 4º . Exencións

Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a carreteras, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 5.º . Suxeitos pasivos e substitutos do contribuínte

1.-Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58 /2003, de 17 de decembro,

xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Os efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quenes soporten os gastos ou custos que comporten a súa realización.

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quenes soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras ou quenes presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas.

Para a aplicación deste apartado considerárase substituto de primeiro grao ao solicitante da licenza ou quen presente a declaración ou comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza esixírase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra

3.-O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6.º . Base imponible

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

Artigo 7.º . Tipo de gravame e cota tributaria

1.-A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

a) Tipo xeral: 2 %.

b) Construcións, instalacións e obras en solo industrial: 2,5 %

c) Construción de edificacións plurifamiliares, vivendas colectivas ou promocións que na solicitude de licenza conteñan mais dunha vivenda unifamiliar: 3%

2.-A cota líquida do Imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar a cota as bonificacións que establecesen no artigo 9.º desta ordenanza.

Artigo 8.º . Devindicación do imposto

1.-A obriga de contribuír nace no intre de se comeza a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.-Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local

Artigo 9.º . Bonificacións

1.– En base ao disposto no artigo 103.2a) do TRLRFL establécese unha bonificación a prol das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración; que se concreta nas seguintes porcentaxes:

a) Establecese un beneficio fiscal do 90% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

b) Terán unha bonificación do 50% da cota ás construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.

c) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

d) Poderán ser bonificadas tamén, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación da cota será:

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Teo, sempre e cando cree emprego.

Ata un 95% para aquelas construcións, instalacións ou obras nas que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Teo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de máis de 20 postos de traballo 95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os impostos sobre construcións, instalacións e obras que recaian sobre bens inmovibles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de catro meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimatoria si non recae resolución en dito prazo.

1) Tramitación:

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude, achegará a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Teo e coa Seguridade Social.
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Teo.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando Certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercizo da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:

- Informe de Vidal Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

e) Establecese un beneficio fiscal do 95% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario primario relacionados coa sanidade.

Para gozar da bonificación a que se refiren os apartados anteriores, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse, mediante escrito separado axuntado unha memoria ao efecto. Esta solicitude presentárase ao tempo de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza municipal que autorice a súa realización, ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.

Unha vez informada a solicitude e a licenza municipal, ou efectuadas formularase proposta ao Pleno da Corporación aos efectos de determinar se concorren as

circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.

Outorgada se procede a declaración, notificarase ao suxeito pasivo ao mesmo tempo que se xira a correspondente liquidación provisional coa bonificación correspondente

2.—Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 25% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 50% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

3.—Establécese unha bonificación do 30 % a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a actuacións protexidas en materia de vivenda, de conformidade co disposto no Decreto da Xunta de Galicia 199/2002, do 6 de xuño e demais normativa estatal i autonómica sobre a materia.

Para o goce da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

4.—Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

5.— As bonificacións previstas neste artigo, esixirán:

- a) Solicitude do interesado.
- b) Informe dos Servicios municipais correspondentes (Urbanismo, Cultura, Emprego, Medio ambiente) e, en todo caso, informe do Servicio de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello.
- c) Acordo da Xunta de Goberno Local e, no seu caso, do Pleno.

6.–As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licenzas ou en calquera momento anterior á concesión de licenza pola administración ou ao inicio das obras se estas estiveran suxeitas ao réxime de comunicación previa. A solicitude efectuada fora dos prazos establecidos anteriormente non surtirá efectos.

7.– As bonificacións aplicaranse de acordo ao previsto no artigo 103 do TRLRFL e serán compatibles, salvo as recollidas no apartado 1 deste artigo que serán incompatibles entre si, e a recollida no apartado 1 a), que será incompatible con ningunha outra. En todo caso as bonificacións aplicadas de forma acumulativa neste artigo en ningún caso poderán exceder do 75% da cota íntegra

Artigo 10 °. Normas de xestión

O procedemento de xestión do tributo será diferenciado en función do tipo de obra do que se trate:

10.1.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construcións, instalacións e obras para as que se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Nestes supostos os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a autoliquidación no modelo facilitado pola Administración, xunto co xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante, no momento de presentación da comunicación previa ou declaración responsable.

Cando non se teña presentado comunicación previa ou declaración responsable, a autoliquidación e o xustificante de ingreso, presentarase no prazo de 15 días hábiles dende o inicio da construción, instalación e obra.

O importe a autoliquidar será o resultado de aplicar o tipo de gravame á base imponible.

O servizo de urbanismo determinará posteriormente a correcta determinación da base imponible, así poderá ditarse unha liquidación provisional modificando a autoliquidación nos supostos nos que se aprecie un erro na confección da mesma, xa sexa aritmético ou formal, que determine unha errónea estimación da base imponible ou do tipo de gravame, sen prexuízo da ulterior comprobación da obra efectivamente executada para efectuar a liquidación definitiva do imposto.

O servizo municipal de urbanismo comunicará aos servizos económicos os actos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, aos efectos de coñecer aqueles actos suxeitos a tributación.

Nos supostos de obras menores que desexen acollerse ás bonificacións contidas no art. 9 da presente Ordenanza, non será de aplicación o réxime de autoliquidación, someténdose ao réxime de liquidación administrativa previsto no parágrafo seguinte para as obras maiores.

10.2.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística

Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza antes do inicio das obras, a conducta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta Ordenanza.

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non se solicítase, concedese ou denegase aínda a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta. Dita liquidación deberá ser notificada ó suxeito pasivo nos termos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica

municipal en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

10.3 Cando se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra, e supoña un incremento do número de unidades do proxecto, unha vez aceptada a modificación pola Administración Municipal, practicarase liquidación complementaria.

10.4 .-Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa por parte dos servizos de urbanismo, modificará, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado primeiro practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo o suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

10.5.-Ó efecto do precedente apartado, a data de finalización das construcións, instalacións ou obras será a que se determine por calquera medio de proba admitido en dereito e, en particular:

a) Cando sexan de nova planta, a partires da data de expedición do certificado final de obra subscrito polo facultativo ou facultativos competentes, e a falta deste documento, dende a data de notificación da licenza de nova ocupación.

b) Nos demais casos, a partires da data de expedición do certificado final de obra nas condicións do apartado anterior ou, a falta de este, dende que o titular da licenza comunique ó Concello a finalización das obras.

En defecto dos citados documentos, tomarase a tódolos efectos como data de terminación a que resulte de calquera comprobación desta situación por parte da Administración Municipal.

10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

10.7 Naqueles supostos nos que, durante a realización das construcións, instalacións ou obras, se produzan cambios nas persoas ou entidades que puideran ser suxeitos pasivos do

imposto, a liquidación definitiva, a que se refire o artigo anterior, practicarse ao que ostente a condición de suxeito pasivo no momento de terminarse aquelas

Artigo 11.º . Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, reixerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 12 de novembro de dous mil catro. Comezará a rexer a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº300 de data 31/12/2004

*1. **Modificación:** Acordo plenario de data 27/03/2019 BOP nº 108 de data 10/06/2019 Modifícase o artigo 9.*

*2. **Modificación.** Acordo plenario de data 27/09/2023 BOP nº 231 de data 04/12/2023. Modifícanse os artigos 2.1ª), 5.2, 9 e 10.*

ANEXO

1.-Obra menor:

- 1.1. Demolición de muros: 14,89 euros/m².
- 1.2. Demolición de tabiques: 3,96 euros/m².
- 1.3. Levantado de solainas: 4,33 euros/m².
- 1.4. Picado de azulexados e revestimentos: 5,19 euros/m².
- 1.5. Demolición de forxados: 9,69 euros/m².
- 1.6. Demolición completa 9,37 euros/m².

2.-Movemento de terras:

- 2.1. Escavación de gabias: 7,76 euros/m³.
- 2.2. Escavación de vaciado: 2,14 euros/m³

- 2.3. Recheo de gabias: 11,12 euros/m³.
- 2.4. Recheo de ceo aberto: 6,42 euros/m³.
- 2.5. Carga e transporte de terras a vertedeiro: 4,36 euros/m³.
- 2.6. Tubos de canalización: 3,64 euros/m.

3.-Peches:

- 3.1. Peche de estacas e arame: 3,64 euros/m.
- 3.2. Peche de tea: 19,33 euros/m.
- 3.3. Peche de zócalo fábrica e tea: 31,11 euros/m.
- 3.4. Peche de fábrica h. 1 m: 23,51 euros/m.
- 3.5. Peche de zócalo fábrica e celosía: 44,99 euros/m.
- 3.6. Peche de cachotería e celosía: 72,62 euros/m.
- 3.7. Peche de cachotería e reixa: 34,59 euros/m.
- 3.8. Colocación de columna para contador da luz: 193,61 euros/ud.

4.-Cuberta:

- 4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento: 2,09 euros/m².
- 4.2. Demolición de cuberta de tella: 3,64 euros/m².
- 4.3. Cuberta de fibrocemento: 13,17 euros/m².
- 4.4. Cuberta de tella: 31,11 euros/m².
- 4.5. Cuberta de lousa: 44,99 euros/m².
- 4.6. Substitución de tella por fibrocemento: 17,30 euros/m².
- 4.7. Substitución de tella por tella: 27,68 euros/m².
- 4.8. Substitución de tella por fibrocemento e tella: 38,07 euros/m².

5.-Albanelería:

- 5.1. Formigón en masa: 8,10 euros/m³.
- 5.2. Estructura completa de formigón armado: 57,41 euros/m².
- 5.3. Estructura completa de aceiro: 62,93 euros/m².
- 5.4. Estructura naves de formigón armado: 35,98 euros/m².

- 5.5. Estructura naves metálica: 42,89 euros/m²
- 5.6. Soleira: 15,20 euros/m².
- 5.7. Forxado: 48,42 euros/m².
- 5.8. Muro de contención de formigón armado: 51,90 euros/m².
- 5.9. Muro de cachotería: 103,74 euros/m².
- 5.10. Muro de bloque: 24,20 euros/m².
- 5.11. Muro de ladrillo (taboquería): 12,48 euros/m².
- 5.12. Cerramento de dobre folla de ladrillo: 35,93 euros/m².
- 5.13. Celosía, balaustrada: 26,24 euros/m².
- 5.14. Azulexado: 17,30 euros/m².
- 5.15. Solaina: 24,90 euros/m².
- 5.16. Enfoscado: 9,00 euros/m².

6.-Pinturas:

- 6.1. Pintura interior: 4,12 euros/m².
- 6.2. Pintura exterior: 6,59 euros/m².

7.-Galpóns:

- 7.1. Galpón de bloque ou ladrillo: 141,76 euros/m².
- 7.2. Galpón de madeira: 72,62 euros/m².

8.-Carpintería:

- 8.1. Porta de entrada: 242,09 euros/m².
- 8.2. Porta interior: 107,12 euros/ud.
- 8.3. Fiestra: 146,85 euros/m².
- 8.4. Fiestra en plano de tellado: 152,21 euros/m².
- 8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería: 138,34 euros/m².
- 8.6. Reixa de seguridade e portas e fiestras: 44,99 euros/m².
- 8.7. Fronte de portal: 117,61 euros m².

9.-Instalación de fontanería e saneamento:

- 9.1. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.): 152,21 euros/ud.
- 9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 200,63 euros/ud.
- 9.3. Instalación de cociña: 172,89 euros/ud.
- 9.4. Lavado incluso billame: 172,89 euros/ud.
- 9.5. Inodoro: 186,75 euros/ud.
- 9.6. Bidé incluso billame: 141,36 euros/ud.
- 9.7. Bañera incluso billame: 165,98 euros/ud.

10.-Instalación de electricidade:

- 10.1. Instalación de electricidade: 1.245,00 euros/ud.

11.-Instalación de calefacción:

- 11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m²: 3.804,15/ud. 13,87 euros/m².

12.-Pozos:

- 12.1. Pozo de barrena: 1.314,14 euros/ud.
- 12.2. Pozo artesano: 1.729,13 euros/ud.

13.-Depuración:

- 13.1. Fosa séptica e pozo filtrante: 1.245,00 euros/ud.

14.-Piscinas:

- 14.1. Piscina completa. Mínimo: 10.374,89 euros/ud.

15.-Pistas:

- 15.1. Pista deportiva: 69,09 euros/m².
- 15.2. Beirarrúa: 17,99 euros/m².

16.-Guindastre:

- 16.1. Guindastre: 300 euros/ud.

17.-Colocación de andamios:

- 17.1. Colocación de andamios: 30,00 euros/ud.

2.-Obra maior.

Relación de prezos medios de execución material (m² construído).

Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 390,08 euros/m².

Otros usos en edificio de vivendas plurifamiliares:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 155,10 euros/m².

Usos de vivenda unifamiliar: 465,11 euros/m².

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 150,59 euros/m².

Edificios con uso exclusivo industrial.

Sen proceso productivo: 193,83 euros/m².

Edificio con uso exclusivo terciario: 348,68 euros/m².

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 338,68 euros/m².

Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

CAPÍTULO I

Normativa aplicable

Artigo 1º.-

O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana rexerase:

-Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenvolvan.

-Pola presente Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO II

Natureza e feito imponible

Artigo 2º.-

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos bens.

2. O título a que se refire o apartado anterior será todo feito, acto o contrato, calquera que sexa a súa forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, teña lugar por ministerio da Lei, por actos mortis causa ou inter-vivos, a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 3º.-

1. Estará suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, con independencia de que estean contemplados como tales no Catastro ou no padrón do IBI. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como urbanos segundo o disposto no artigo 7.2 do RDL 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Catastro inmobiliario.

2. Estará así mesmo suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como de características especiais segundo o disposto no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

3. Non estarán suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

d) As achegas ou transmisións de ben inmobles efectuadas á Sociedade de xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria , S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais

e) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición,

entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado b deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

CAPÍTULO III

Exencións

Artigo 4º.-

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles.

Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmítente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

Artigo 5º .-

Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obrigaón de satisfacer aquel recaía sobre as persoas ou entidades seguintes:

- a) O Estado, A Comunidade Autónoma de Galicia, e as entidades locais ás que pertenza o Concello, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma de Galicia e das devanditas entidades locais.
- b) O Concello de Teo e as entidades locais integradas neste ou nas que se integre o Concello, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós Organismos autónomos do Estado.
- c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.
- f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou entidades ás que ó seu favor se lle recoñecera a exención en tratados ou convenios internacionais.

CAPÍTULO IV

Suxeitos pasivos

Artigo 6º .-

1. Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou a persoa ou entidade que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

CAPÍTULO V

Base imponible

Artigo 7º.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

2. A determinación da base imponible do imposto realizarase por un dos seguintes métodos:

2.1.- Método de estimación obxectivo.

2.2.- Método en función do incremento real experimentado polo terreo.

Artigo 8.-

Nas transmisións de terreos de natureza urbana considérase como valor dos mesmos ó tempo de devengo deste imposto o que teñan fixados en dito momento para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións no planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme o mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez sexa obtida conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corrixiñanse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do devengo.

Artigo 9º .-

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce, limitativos do dominio, a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e en particular mediante aplicación das seguintes regras:

a) No caso de constituírse un dereito de usufructo temporal o seu valor equivalerá a un 2 por 100 do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70 por 100 de dito valor catastral.

b) Se o usufructo fose vitalicio o seu valor, no caso de que o usufructuario tivese menos de vinte anos, será equivalente ó 70 por 100 do valor catastral do terreo, minorándose esa cantidade nun 1 por 100 por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10 por 100 do expresado valor catastral.

c) Se o usufructo establécese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ó 100 por 100 do valor catastral do terreo usufrutuado.

d) Cando se transmita o dereito de usufructo xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo ó tempo de dita transmisión.

e) Cando se transmita o dereito de nuda propiedade o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado este último segundo as regras anteriores.

f) O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ó 75 por 100 do valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufructos temporais ou vitalicios segundo os casos.

g) Na constitución ou transmisión de calesquera outros dereitos reais de goce limitativos de dominio distintos dos enumerados nas letras a), b), c), d) e f) deste artigo e no seguinte artigo considerarase como valor dos mesmos, para os efectos deste imposto:

- O capital, prezo ou valor pactado ó constituílos, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.

- Este último, se aquel fose menor.

Artigo 10ª.-

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

Artigo 11º .-

Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 8 desta ordenanza fose inferior, caso no que prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

Artigo 12º .-

1. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo, ou da parte de este que corresponda segundo as regras contidas nos artigos 8, 9, 10 e 11 desta Ordenanza, o importe que resulte de aplicar os novos valores catastrais a redución do 40%. A devandita redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

2. A redución prevista neste artigo non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que o mesmo se refire sexan inferiores ós ata entón vixentes.

3. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

Artigo 13º

1. Para determinar a base imponible a que se refiren os artigo 7 e seguintes, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, os seguintes coeficientes :

PERÍODO DE XERACIÓN	COEFICIENTE
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

Non obstante, en ningún caso os coeficientes relacionados no cadro anterior, poderán ser superiores aos coeficientes actualizados ao abeiro do establecido no artigo 107.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo. Nese caso aplicarse directamente os coeficientes máximos legais actualizados.

2. Para determinar o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor, só se considerarán os anos completos que integren devandito período, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.3.e) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

CAPÍTULO VI

Débeda tributaria

Sección primeira

Cota tributaria

Artigo 14º

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo do 25%.

A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación a que se refire o artigo seguinte.

Sección segunda

Bonificacións na cota

Artigo 15º.-

1. Gozarán de bonificación nas cotas deste imposto que se devenguen nas transmisións de terreos ou na transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizada a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo a escala que se contén no apartado seguinte.

2. As bonificacións da cota a que se refire o apartado anterior aplicaranse segundo a seguinte escala:

Cota Tributaria	Bonificación
Ata 10.000 euros	95 por 100
De 10.000,01 euros ata 20.000 euros	90 por 100
mais de 20.000 euros	85 por 100

3. A cota tributaria para aplicación da escala de bonificación computarase pola totalidade de inmoables obxecto da transmisión lucrativa a liquidar.

CAPÍTULO VII

Devengo

Artigo 16º.-

1. O imposto devengarase:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.
- b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior considerarase como data da transmisión:

- a) Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.
- b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

Artigo 17º .-

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme ter tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo

de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procederá a devolución do imposto satisfeito e se considerará como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.

3. Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase con cargo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria esixirase o imposto, desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

Artigo 18º .-

O período de imposición é o tempo durante o cal o terreo pertence a un mesmo propietario ou o tempo durante o cal unha persoa é titular dun dereito real de goce limitativo do dominio, e computarse a partir da transmisión inmediata anterior do terreo ou dereito real de goce ou dende a data de constitución deste último, calquera que sexa esa data, sempre que tivera lugar dentro dos últimos vinte anos. Se a data fose máis remota, o período de imposición limitarase a vinte anos.

CAPÍTULO VIII

Xestión do imposto

Sección primeira

Obrigas materiais e formais

Artigo 19º .-

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante este Concello declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, contendo os elementos da relación tributaria imprescindible para practicar a liquidación procedente.

2. Dita declaración deberá ser presentada nos seguintes prazos, contados dende a data na que se produza o devengo do imposto:

- a) Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano, a solicitude do suxeito pasivo.

3. Á declaración xuntaranse os documentos no que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

Artigo 20º .-

As liquidacións do imposto notificaranse integramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Artigo 21º .-

Con independencia do disposto no apartado 1º do art. 19º , están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización dun feito imponible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- a) Nos supostos contemplados na letra a) do art. 6º , sempre que se producira por negocio xurídico "inter vivos", o donante ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito art.6º , o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 22º .-

De conformidade co artigo 154 da Lei hipotecaria e 414 do seu regulamento, ningunha inscrición farase no Rexistro da Propiedade sen que se acredite previamente o pagamento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana causado polo acto ou contrato que se solicita inscribir.

Malia o parágrafo anterior, procederase de conformidade co establecido nos artigos 255 e seguintes da Lei hipotecaria.

Artigo 23º .-

Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan os feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria. Na relación ou índice que remitan os Notarios ó Concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmoables cando dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

Sección Segunda

Inspección e Recadación

Artigo 24º .-

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Sección Terceira

Infraccións e sancións

Artigo 25º .-

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e disposicións complementarias.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día seguinte á data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

1.A presente ordenanza foi aprobada mediante acordo plenario de data 30/11/2004. BOP nº52 de data 5 de marzo de 2005.

3. **Modificación:** Acordo plenario de data 23/02/2022. BOP nº 84 de data 04/05/2022. Modifícanse os artigos 3.3, 4 e 7.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO

Artigo 1.-Fundamento e natureza

De conformidade có disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e, cós artigos 20 a 27 e 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa por expedición de licenzas de apertura de establecementos , que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, pola Lei Xeral Tributaria e demais normas que a desenvolven.

Artigo 2.-Feito imponible

1.-Constitúe o feito imponible desta taxa, a realización da actividade administrativa municipal tendente a comprobar que se dan as condicións estabrecidas na lexislación e nas Ordenanzas Municipais para a apertura de establecementos comerciais ou industriais, tanto se esta actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, como se se orixina por comprobacións ou inspeccións da apertura sen que o titular tivese solicitado ou obtido a licenza.

2.-Aos efectos da aplicación deste tributo, se considera como apertura, estando por tanto suxeito ao pago da taxa:

- a) Os primeiro establecementos
- b) Os traslados de locais.
- c) Os cambios de actividade desenvolta en locais, aínda que continúe o mesmo titular, ou a ampliación das actividades exercidas no establecemento.
- d) Os traspasos, transmisións, cesións,cambios de forma societaria, unións e fusións de empresas e cambios de denominacións social.

3.-Enterase por establecemento, que require a obtención de licenza para a súa apertura:

- a) Os locais adicados ao exercicio habitual do comercio. Se presumirá dita habitualidad nos casos a que se refire a lexislación mercantil e fiscal, e, especificamente, cando a realización da actividade esté suxeita a tributación polo IAE.

b) Os locais nos que se desenvolva unha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional ou artística.

c) Toda edificación habitable cuxo destiño principal non sexa a vivenda, e que se dedique a:

-Casinos ou círculos adicados ao esparcemento ou recreo dos seus membros ou asociados.

-Depósito ou almacén, aínda que esté pechado ao público.

-Actividades que, tendo ou non un fin lucrativo, impliquen a presenza habitual de persoas no local.

-Locais nos que se realicen usos e actuacións contempladas no Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insálubres ou Perigosas.

-Locais e recintos nos que se realicen espectáculos públicos.

-Oficinas, despachos, bufetes, escritorios, consultorios ou estudos abertos ao público, onde se exerzan actividades artísticas, profesionais ou de ensino con fins lucrativos e suxeitas ao IAE.

Artigo 3.-Devengo

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír:

a) dende que, ao solicitar a licenza, se inicia a actividade administrativa.

b) Non existindo solicitude do interesado, dende que a Administración teña coñecemento de que se realiza a actividade no establecemento e se inicie un expediente de inspección, de denuncia ou de calquer outro procedemento lexítimo.

Artigo 4.-Suxeito pasivo

1.-É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da LXT, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou que se desenvolve no establecemento.

2.-Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da LXT.

3.-Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que sinala o artigo 43 da LXT.

Artigo 5.-Beneficios fiscais

Unicamente se aplicarán os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei ou nos tratados internacionais.

Artigo 6.- Base imponible e Cota tributaria

1.-Se considerará base imponible o importe da cota tributaria resultante do IAE, con independencia de que esté ou non exento do seu pago.

A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible, o tipo de gravámen do 50%.

Artigo 7.-Normas de xestión

A liquidación da taxa se realiza no momento da solicitude da licenza, que se concede mediante acordo da Xunta de Goberno Local, a licenza retírase unha vez comprobado o ingreso efectivo da taxa.

Artigo 8.-Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que lle correspondan , estarase ao disposto nos artigo 178 e ss. da Lei Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia, e manterá a súa vixencia en tanto non sexa derogada ou modificada expresamente.

A presente ordenanza foi aprobada mediante acordo plenario de data 24/02/2010 e publicada no BOP nº 80 de data 30/04/2010.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUMINISTRO DE AUGA, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Artigo 1.-Fundamento e natureza

En uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a Taxa porministración de auga, sumidoiros e depuración, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Artigo 2.-Feito Impoñible

1.-Constitúe o feito imponible da taxa a utilización da rede de subministro de auga polos predios situados no termo municipal Teo, así como os servizos de sumidoiros e depuración.

Ós efectos de aplica-la taxa se distinguen os seguintes usos:

- a) Usos domésticos: son os que atenden ás necesidades vitais, tales como bebida, preparación de alimentos e aseo.
- b) Uso industrial: son aqueles nos que a auga se emprega como motor ou axente mecánico ou químico, e nos que se verifica a transformación en vapor,xeo, bebidas carbónicas.
- c) Obras: auga empregada para o sector da construción.

Constitúe igualmente o feito imponible da taxa:

- a) a actividade municipal técnica e administrativa, tendente a verificar que se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación do servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal e o seu tratamento para depuralas.

2.-Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, as declaradas ruinosas ou que teñan condición de solar ou terreo.

Artigo 3.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polo servizo de que é obxecto esta taxa.

En concreto:

a) cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso dos servizos citados no apartado 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usufrutuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de dito servizo, a título de propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios

Artigo 4.-Responsables

1.-Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo, as persoas ou entidades que establece o artigo 42 da Lei 58/2003.

1.-Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades, síndicos interventores ou liquidadores de quebras e concursos, có alcance e nos termos do artigo 43 da citada norma.

Artigo 5.-Cota tributaria:

a) Abastecemento de auga:

1.-Doméstico:

Mínimo de consumo, ata 30m³/Trm: 0,3130€/ metro cúbico

Dende 31 a 45m³/Trm: 0,4471€/ metro cúbico

Mais de 45m³/Trm: 0,6334€/metro cúbico

2.-Industrial:

Mínimo de consumo, ata 30m³/Trm: 0,3726€/metro cúbico.

Máis de 30m³/Trm: 0,4917€ /metro cúbico

3.-Obras:

Mínimo de consumo, ata 150m³/Trm:0,5216€/metro cúbico.

Máis de 150m³/Trm: 0,5961€/metro cúbico.

b) Sumidoiros:

1.-Doméstico:

Mínimo de consumo, ata 30m³/Trm:0,1565€/metro cúbico.

Desde 31 a 45m³/Trm: 0,2235 €/metro cúbico.

Máis de 45m³/Trm: 0,3167€ /metro cúbico.

2.-Industrial:

Mínimo de consumo, ata 30m³/Trm: 0,1863€/metro cúbico.

Máis de 30m³/Trm: 0,2458€/metro cúbico.

c) Depuración:

1.-Domésticos:

Mínimo de consumo, ata 30m³/Trm: 0,2564€/metro cúbico.

Desde 31 ata 45m³/Trm: 0,3663€ /metro cúbico.

Máis de 45m³/Trm: 0,5190€/ metro cúbico

2.-Industrial:

Mínimo de consumo, ata 30m³/Trm: 0,3053€/metro cúbico.

Máis de 30m³/Trm: 0,4029€/metro cúbico

d) Cota tributaria por concesion de licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros: 30,05€

e) Acometidas

e1) Acometidas de abastecemento:

As acometidas de abastecemento de auga potable que requiran dunha conexión inferior a 5m de lonxitude terán o seguinte custo, establecido en función dunha acometida media de 3m, e un incremento por metro lineal cando superen os 5 m:

Ø acometida	Tipo A (terra)	Tipo B (asfalto)	Tipo C (baldosa)
32mm (1'')	209,58€+15,44€/m	264,48€+22,63€/m	311,24€+26,37€/m
40-50mm	252,14€+17,81€/m	307,59€+25€/m	354,37€+28,74€/m
63mm (2'')	300,02€+ 19,79€/m	354,36€+26,98€/m	401,71€+30,72€/m

A esta cantidade (sen IVE) sumarase a instalación do contador:

- Instalación de contador de 13mm con válvula antiretorno e pezas de conexión, en batería de contadores ou similar: 98,17€/unidade (sen IVE)

- Instalación de contador de 13mm con válvula antiretorno, pezas de conexión e armario de PVC, placa transparente, en vivenda unifamiliar ou similar: 177,48€/unidade (sen IVE)

O cadro de tarifas de contadores (sen instalación) para diámetros superiores a 13mm, será o seguinte:

Diámetro	Prezo (s. IVE)		Diámetro	Prezo (s. IVE)
15mm	90€		20mm	107€
25mm	156€		30mm	201€
40mm	292€		50mm	590€
65mm	730€		80mm	886€

e2) Acometidas de saneamento:

As acometidas de saneamento de augas residuais formada por arqueta de saída, tubo de PVC de 160mm de diámetro e 5atm de presión, incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme, con conexión a colector existente ata un máximo de 4m, terán as seguintes tarifas:

Tipo de acometida	Tarifa (sen IVE)
-------------------	------------------

En terra	356,17€+36,24€/m
En asfalto	397,59€+40,07€/m
En baldosa (beirarrúa)	446,69€+ 44,96€/m

Para distancias superiores, cada tramo de 40m deberá construírse un pozo de rexistro con aneis prefabricados de formigón en masa, con tarifas dependentes da profundidade do mesmo, e na que se inclúen excavación, cerco e tapa de fundición, que de seguido se establecen:

Profundidade	Prezo (s. IVE)		profundidade	Prezo (s. IVE)
1m	292,16€		1,5m	380,08€
2m	468,31€		2,5m	555,31€

f) Análises de verteduras

f1) As tarifas pola práctica das análises establecidas no Regulamento, axustarase ás seguintes contías:

Parámetros	Prezo (sen IVE)
PH	2,50 €
Conductividade	2,50 €
Sólidos en suspensión totais	7,00 €
D.B.O.5	16,00 €
D.Q.O.	15,00 €
Fósforo total	10,00 €
Nitróxeno amoniacal	7,00 €
Sulfuro	8,00 €
Aceites e graxas	18,00 €
Recollida e envío mostra laboratorio	30,00 €

f2) As tarifas polas actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento, axustarase á seguinte contía:

Por inspección e informe: 87,50 €+IVE.

Artigo 6.-Devengo

1.-O devengo da taxa prodúcese no momento en que se inicia a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizarase con periodicidade trimestral.

2.-O pago da taxa efectuarase no momento de presentación da factura ante o obrigado.

3.-As débedas por este tributo poderán esixirse mediante procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade có disposto no RD 393/2005, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 7.-Beneficios fiscais.

Recoñecese unha bonificación na cota tributaria da taxa para familias numerosas segundo o seguinte baremo, para o cal o suxeito pasivo deberá presentar certificado de calificación de familia numerosa e declaración do IRPF do exercicio anterior.

Categoría familia numerosa	% Bonif	% Bonificación	% Bonificación
	Base imponible IRPF < 12.000€	Base imponible IRPF entre 12.001 e 24.000€	Base Imponible IRPF superior a 24.000€
Xeral	75%	50%	25%
Especial	90%	60%	30%

- A taxas por conexións e acometidas ao servizo municipal de de Augas de Teo estarán bonificadas ao 100% no caso de que existan motivos de urxente necesidade que fagan necesario as citadas conexións e non existan recursos económicos suficientes na unidade de convivencia para facer cargo ao custo establecido. Estes motivos deberán estar reflectidos nun informe das Traballadoras Sociais municipais, así como a súa valoración de falta de recursos, e a bonificación se concederá por Resolución da Alcaldía.

- Cando unha unidade familiar non poida facer fronte ao pagamento das taxas por abastecemento de auga, sumidoiros ou depuración, deberase emitir un informe das Traballadoras Sociais municipais, nas que se faga constar esta imposibilidade e se dito

informe así o considera se concederá unha bonificación do 100% nas cotas. Dito informe deberá propoñer un prazo para que esta bonificación se manteña, que será como máximo dun ano natural. Transcorrido o tempo proposto, se non se resolvera á carencia económica causante desta imposibilidade a Traballadora Social de referencia deberá emitir un informe no que faga constar este extremo, e se prorrogue esta bonificación previa resolución da Alcaldía que a conceda.

Artigo 8.-Réxime de infraccións e sancións

Estarase ó disposto nos artigos 178 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión do Pleno da Corporación de data 26/12/2007, entrando en vigor a partir da súa publicación definitiva no BOP, e manterá a súa vixencia en tanto non sexa derogada ou modificada expresamente.

A presente ordenanza foi publicada no BOP nº59 de data 11/03/2008.

1. Modificación: *Acordo plenario de data 28/03/2008. BOP nº 182 de data 08/08/2008. Modifícase o artigo 5.*

2. Modificación: *Acordo plenario de data 06/07/2015. BOP nº 137 de data 22/07/2015. Modifícase os artigos 5 e 7.*

3. Modificación: *Acordo plenario de data 27/06/2018. BOP nº 160 de data 23/08/2018. Modifícase o artigo 5.*

ORDENANZA FISCAL PARA A REGULACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL

Artigo 1.- Fundamento e Natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, o Concello de Teo establece a Taxa pola celebración de Matrimonios Cívís, que se rexerá pola presente Ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da celebración de matrimonios cívís diante da Alcaldía-Presidencia, ou autoridade en quen delegue, que sexan solicitadas de conformidade co previsto na lexislación vixente.

Artigo 3.- Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que soliciten a prestación do servizo de celebración de matrimonio civil.

Artigo 4.- Beneficios Fiscais

Non serán de aplicación exencións na exacción da presente taxa.

Artigo 5.- Cotas Tributarias

As taxas que rexerán o gravame da celebración de matrimonios cívís, son as que de seguido se sinalan:

- Por cada matrimonio no que alomenos un dos contraíntes figure inscrito no padrón municipal de Teo, a taxa será de 60 euros.

- Por cada matrimonio no que ningún dos contraíntes figure inscrito no padrón municipal de Teo, a taxa será de 120 euros.

Artigo 6.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se presente diante da Administración Municipal a solicitude de celebración de matrimonio civil.

Artigo 7.- Declaración e Ingreso

A taxa exixirase en réxime de autoliquidación, facultándose á Alcaldía para a aprobación do modelo de ingreso correspondente, se se estimase oportuno.

A tal efecto, xunto coa presentación da solicitude para a determinación da data, hora e lugar de celebración do matrimonio civil, deberase adxuntar copia da autoliquidación coa que acreditarán o ingreso previo do importe correspondente, que será abonado nas contas bancarias do concello previamente á celebración do matrimonio civil e non se accederá á realización do mesmo sen que se acredite o pago da Taxa e se dispoña da autorización do uso das dependencias municipais por parte do órgano competente, que, a estes efectos será a alcaldía.

Artigo 8.- Devolucións

1. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa cando o matrimonio non poidera celebrarse por causa imputable ao Concello, sempre que se teña acreditado o pago previo da mesma. A estes efectos entenderase causa imputable ao Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, promovida, ocasionada ou provocada por actuacións, feitos, obras, conductas ou comportamentos dos interesados.

2. Igualmente, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 50 por cento do importe da taxa cando a cerimonia do matrimonio civil non se poidera celebrar por causa imputable aos mesmos, sempre que esta circunstancia sexa previamente comunicada ao Concello con unha anticipación mínima de 48 horas do día fixado para a celebración do matrimonio, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción no concello

Disposición Transitoria

A presente Ordenanza non será de aplicación na celebración de matrimonios civís naqueles casos nos que a solicitude do mesmo teña data anterior á de entrada en vigor da presente ordenanza.

Disposición Final Única

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2011, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza foi publicada no BOP nº195 de data 13/10/2011.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO POR EMPRESAS PRESTADORAS DE SERVIZOS E SUBMINISTROS DE INTERESE XERAL OU QUE AFECTEN Á XERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DO VECINDARIO

Artigo 1.-Fundamento e natureza

De conformidade có disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e, cós artigos 20 a 27 e 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por empresas explotadoras de servizos de suministro que resulten de interese xeral ou que afecten á xeralidade ou a unha parte importante do vecindario, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.-Feito Impoñible

1.–Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar servizos de subministro, que resulten de interese xeral, ou que afecten á xeralidade ou parte importante do vecindario.

2.–En particular, se comprenderán entre os servizos referidos no apartado anterior, os subministros de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, e outros medios de comunicación que se presten, total ou parcialmente, a través de redes que ocupen o dominio público local.

3.–O pago desta taxa, supón a exclusión expresa doutras taxas derivadas da utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministro de interese xeral.”

Artigo 3.-Suxeitos pasivos

1.–Son suxeitos pasivos, as empresas ou entidades prestadoras ou explotadoras de servizos de telefonía móvil que afecten á xeralidade ou a unha parte importante do vecindario, tales como o abastecemento de auga, subministro de gas, electricidade, telefonía fixa, e outros análogos, así como as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas

de fibra óptica, televisión por cable ou calquer outra técnica independente do seu carácter público ou privado.

A estes efectos, se inclúen entre as empresas explotadoras de ditos servizos, ás empresas dsitribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

2.—Teñen a consideración de suxeitos pasivos, as empresas ou entidades dos servizos referidos no apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen os subministros, como se, non sendo titulares de ditas redes, o sexan de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3.—As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevee nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública, regulada na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 4.- Sucesores e responsables.

1.-As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas, se transmitirán aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:

a) cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.

b) Cando legalmente se teña limitado a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que corresponda.

Poderán transmitirse as débedas devengadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estén liquidadas.

2.-As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, se transmitirán ás persoas ou entidades que sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.

3.-As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da LXT, en caso de disolución das mesmas, se transmitirán aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

4.-As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás cales se refiren os apartados anteriores, se esixirán aos sucesores de aquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5.-Responderán solidariamente da débeda tributaria, as persoas ou entidades seguintes:

a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. A súa responsabilidade se estende á sanción.

b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da LXT, en proporción ás súas respectivas participacións.

c) Os que sucedan, por calquer concepto, na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.

Se exceptúan de responsabilidade, as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

6.-Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non houbesen realizado os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes:

-Cando se comentan infraccións tributarias, responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.

-En supostos de cese das actividades, polas obrigas tributarias devengadas, que se atopen pendentes na data de cese, sempre que non tiveran feito o necesario para o seu pago ou tiveran tomado medidas causantes da falla de pago.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non tivesen realizado as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade.

7.-A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, se esixirá, no seu caso, ás persoas ou entidades que en cada caso corresponda , có alcance e procedementos previstos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Base imponible e Cota tributaria. Servizo de telefonía móbil

Derogado, BOP nº 206 de 29/10/2013

Artigo 6.-Base imponible e cota. Outros servizos diferentes da telefonía móbil

1.-Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o solo, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o disfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base imponible estará constituída pola cifra de ingresos brutos de facturación que obteñan anualmente no termo municipal, as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2.-Cando para o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo empregue redes alleas, a base imponible da taxa estará constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal, minorada nas cantidades que deba aboar ao titular da rede, polo uso da mesma.

3.-Aos efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación, aqueles que, sendo imputables a cada entidade, se obtiveran pola mesma, como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos originados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos, as facturación polos conceptos seguintes:

- a) Suministros ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos aboados efectuados no termo municipal.
- b) Servizos prestados aos consumidores, necesarios para a recepción do suministro ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución do contadores ou instalacións propiedade da empresa.

c) Alugueros, cánones ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas suministradoras de servizos que empreguen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo..

d) Alugueros que deban pagar os consumidores polo uso de contadores, ou outros medios empregados na prestación do suministro ou servizo.

e) Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas suministradoras.

4.- Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nen as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.

5.-Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación,os conceptos seguintes:

a) As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan percibir.

b) As indemnizacións esixidas por danos e perxuizos, salvo que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se deban incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.

c) Os ingresos financeiros, como xuros, dividendos e calesquera outros de natureza similar.

d) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.

e) As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.

6.-As taxas reguladas nesta Ordenanza fiscal , esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no seu artigo 3, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poda establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que, as mencionadas empresas, sexan suxeitos pasivos.

7.-A contía da taxa se determina aplicando o 1,5% á base imponible definida neste artigo.

Artigo 7.- Período impositivo e devengo da taxa

1.-O período impositivo coincide co ano natural salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do suministro ou servizo, nestes casos procede o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, se liquidará a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluíndo o trimestre no que se produce a alta.
- b) No caso de baixas por cese de actividade, se liquidará a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel no que se orixina o cese.

2.-A obriga de pago das taxa, nace nos momentos seguintes:

- a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza.
- b) Cando o disfrute ou o aproveitamento especial non requira de licenza ou autorización, dende o momento en que se teña iniciado o citado aproveitamento. A tal efecto, entendese que o aproveitamento ten comenzado cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

3.-Cando os aproveitamentos especiais do dominio público se prolonguen durante varios anos, o devengo da taxa terá lugar o día 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo abranguerá o ano natural.

Artigo 8.-Réxime de declaración e ingreso.-Servizo de telefonía móbil

Derogado, BOP nº 206 de 29/10/2013

Artigo 9.-Réxime de declaración e ingreso.-Outros servizos

1.-Respecto aos servizos de suministro regulados no artigo 6 desta Ordenanza, se establece o réxime de autoliquidación para cada tipo de suministro, que terá periodicidade trimestral

e abranguerá a totalidade de ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refire. O cese na prestación de calquer suministro ou servizo de interese xeral, implica a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente, así como a data de finalización.

2.-Se poderá presentar a declaración final o derradeiro día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior, a cada trimestre natural. Se presentará no Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministro efectuado no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base imponible, segundo detalle do artigo 6.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do citado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se teña facturado cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de ingresos declarados polos subministros a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 6.3, non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados no termo municipal.

3.-As empresas que empreguen redes alleas, deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes coa finalidade de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 6.2 desta Ordenanza. Esta acreditación se acompañará da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede empregada.

4.-Se expedirá un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos que se indiquen.

5.-Por motivos de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos, se derive unha liquidación de cota inferior a 6 euros, se acumulará á seguinte. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo, implicará a esixencia dos recargos de extemporaneidade, segundo o prevee o artigo 27 da LXT.

6.-A empresa “TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU”, á cal cedeu Telefónica SA os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque, o seu importe, queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos, que satisface a este Concello.

As restantes empresas do Grupo Telefónica, están suxeitas ao pago da taxa regulada nesta Ordenanza; en particular, TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SA, está suxeita á taxa, nos termos regulados no artigo 5.

Artigo 10.- Infraccións e sancións

1.-A falla de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa, dentro dos prazos establecidos nesta Ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da LXT, que se calificará e sancionará segundo dispón dito artigo.

2.-O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa, se tipificarán e sancionarán segundo o previsto na Lei Xeral Tributaria, no RD 1065/2007, que aproba o Regulamento Xeral das actuacións e procedementos de xestión e inspección tributarios.

3.-A falla de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa, constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da LXT, que se calificará e sancionará segundo o previsto en dito precepto.

Disposición adicional primeira.-Actualización parámetros artigo 5

Derogado, BOP nº 206 de 29/10/2013

Disposición adicional segunda.-Modificación dos preceptos e referencias legais, con motivo de promulgación de normas posteriores

Os preceptos desta Ordenanza Fiscal que, por razóns sistemáticas, reproducen preceptos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas nas que se fagan remisións a preceptos desta, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais de que traian causa.

Disposición derogatoria única

A aprobación desta Ordenanza Fiscal, implica a derogación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por aproveitamento especial do solo, voo e subsolo da vía pública municipal por empresas prestadoras de servizos que fora aprobada en data 30/10/2007.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor a partires do día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partires do día 1 de abril de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

A presente Ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 25/11/2009 e publicada no BOP nº34 de data 22/02/2010.

*1. **Modificación:** Acordo plenario de data 29/07/2013 BOP nº 206 de data 29/10/2013 Modifícanse os artigos 2, o artigo 3 e deroganse os artigos 5, 8 e a Disposición adicional 1ª.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E POR RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Artigo 1º . Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei Reguladora das facendas locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Teo establece a taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase á que se refire o artigo 20.3 da devandita Lei de Facendas Locais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º . Feito imponible

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación deste para a entrada de vehículos a través das beirarrúas ou pola reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 3º . Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o art. 35 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que gocen, utilicen o aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os beneficiarios.

Artigo 4º . Base imponible

A base tributaria estará constituída, segundo ó feito imponible:

1. Polo número, en metros da lonxitude da entrada.
2. Polo número de prazas no caso de garaxes comunitarios.

Artigo 5º . Cota tributaria

1.-A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante de aplicar as tarifas seguintes.

Tarifa primeira

- a) Entrada de vehículos en vivendas unifamiliares, por metro lineal e ano: 12,69 €
- b) Entrada de vehículos en garaxes comunitarios, por metro lineal e ano: 13,36 €, multiplicados polos seguintes coeficientes, segundo o caso:
 - De 2 a 9 prazas, coeficientes que van dende o 1,2 ó 1,9, segundo o número de prazas, (ejemplo: un garaxe de 5 prazas e tres metros de entrada sería: $13,36 \times 3 \times 1,5 = 60,12$ €)
 - De 10 a 19 prazas, coeficientes do 2,0 ó 2,9.
 - De 20 a 29 prazas, coeficientes do 3,0 ó 3,9.
 - De 30 a 39 prazas, coeficientes do 4,0 ó 4,9.
 - De 40 a 49 prazas, coeficientes do 5,0 ó 5,9.

Cando o número de prazas exceda de 49 irase calculando a taxa por tramos de dez en dez e multiplicando polo coeficiente que corresponda.

Tarifa segunda

- a) Entrada de vehículos en garaxes ou locais para a garda de vehículos podendo realizar reparacións destes, prestación de servizos de engraxado, lavado, petroleado, etc., ou repostar carburantes, por metro lineal e ano: 20,04€, calculandose a taxa do mesmo xeito ca no apartado anterior.
- b) Entrada de vehículos en almacéns ou similares, por metro lineal e ano: 33,41€

Tarifa terceira

a) Reserva de aparcadoiros para carga ou descarga de mercadorías, por metro lineal ou ano: 20,04€

b) Reserva de espazos en vías públicas para carga ou descarga de materiais de construción, formigóns, mudanzas, escombros, ou ocupación do espazo público con vallas, puntais, asnillas, andamios e instalacións análogas, por metro lineal e día: 2,50€

Placa-sinal: Importe 16 euros”

Artigo 6º . Período impositivo e devengo

1. Con carácter xeral, o período impositivo coincidirá co ano natural, a taxa devengase o día 1 de cada ano, e as cotas serán irreductibles.

2. Non obstante , no suposto de que a utilización privativa, ou o aproveitamento especial do dominio público no coincida co ano natural, isto é , altas e baixas, a taxa se prorrateará por trimestre naturais, de xeito que só se cobrarán os trimestres completos nos que se produza a utilización privativa, a partir da data da Resolución que concede a licenza ou a baixa.

Artigo 7º . Normas de xestión

1. O expediente se inicia mediante solicitude do interesado, que deberá indicar con precisión quen será o titular da licenza, o domicilio (rúa, lugar, urbanización e número) e a superficie a ocupar e deberá presentarse no rexistro xeral de entrada do Concello.

2. Da solicitude se dará traslado á Policía Local para a emisión do oportuno informe de comprobación. Unha vez emitido , se dará consta do expediente á Tesourería Municipal que formulará proposta de liquidación. Posteriormente se dictará Resolución de Alcaldía , aprobando ou denegando a licenza indicando o seu número, e aprobando a cota tributaria a pagar. Finalmente se notificará a resolución ao interesado e se dará traslado da mesma á Policía Local.

3. Unha vez aboado o importe da taxa, os interesados deberán presentar o xustificante de pago nos Servizos Económicos previamente á entrega da placa.

Artigo 8º . Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A presente Ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 12/11/ 2004 e publicada no BOP nº300 de data 31/12/2004

1. Modificación: *Acordo plenario de data 30/04/2008 BOP nº 162 de data 15/07/2008*
Modifícase o artigo 5.

2. Modificación: *Acordo plenario de data 30/06/2010 BOP nº 177 de data 15/09/2010*
Modifícanse os artigos 5, 6 e 7.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1.º . Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa por expedición de documentos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Artigo 2.º . Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e dos expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.
2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do/a interesado/a.
3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este concello. Tampouco estará suxeita a esta Taxa a expedición de documentos esixidos polas Administracións Públicas na tramitación de expedientes para a concesión de axudas ou subvencións, pensións non contributivas, xustiza gratuita e outros beneficios asistenciais de carácter social.

Artigo 3.º . Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria

que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

Artigo 4.º . Responsables.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.º . Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

Artigo 6.º . Tarifas.

1. As tarifas que se aplicarán para a exacción desta taxa serán as seguintes:

1.	Procesos selectivos que inclúan exercicios escritos ou orais incluídos na Oferta de Emprego Público municipal:	
1.1	Grupo A1 ou asimilado	25,00 €
1.2	Grupo A2 ou asimilado	25,00 €
1.3	Grupo B ou asimilado	25,00 €
1.4	Grupo C1 ou asimilado	20,00 €
1.5	Grupo C2 ou asimilado	20,00 €
1.6	Agrupacións profesionais ou asimilado	12,00 €

2.	Informes e certificacións:	
2.1	Informacións urbanísticas	45,00 €
2.2	Informes urbanísticos	15,00 €
2.3	Informes policiais relativos a accidentes de circulación	45,00 €

Artigo 7.º Devengo.

1. Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos a que se refire o apartado 2 do artigo 2º, o devengo producirase cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio, ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado, pero redunde no seu beneficio.

3. As certificacións ou documentos que expida a Administración municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se abone a correspondente cota tributaria.

Artigo 8.º Declaración e ingreso

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, procedendo o ingreso nas entidades financeiras autorizadas polo concello ou polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente ou nestes mesmos se aquel escrito non existira ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos condutos a que se fai referencia no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para o que se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude. Nestes casos, a tarifa incrementarase co importe dos gastos de correo que se orixinen.

3. O pagamento desta taxa poderase esixir en efectivo, substituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, un dos exemplares unirase ao escrito e outro á copia que se devolve ao interesado.

Artigo 9.º Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 28.01.2009, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº 80 de data 08/04/2009.

Modificación: *Acordo plenario de data 31/03/2021. BOP nº 110 de data 14/06/2021. Modifícase o artigo 6.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, DERRUBAMENTOS, SALVAMENTO, PROTECCIÓN DE PERSOAS E OUTROS SEMELLANTES.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local , e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “ Taxa por servicios de prevención e extinción de incendios, prevención de ruinas , derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes “ , que se deberá rexir pola presente Ordenanza Fiscal, a LXT e demais normas concordantes.

Artigo 2º. Feito Impoñible.

1.Constitúe o feito imponible da Taxa, de acordo co disposto no artigo 20.4.K), a prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruinas, construcións e derrubamentos, inundacións, salvamentos e en xeral, de protección de persoas e bens, comprendéndose tamén o mantemento do servizo e a cesión do uso de maquinaria e equipo adscrito a estes servizos, tales como escalas, cubas, motobombas, barcas, etc, ben sexa de oficio ou por razóns de seguridade sempre que a prestación do mesmo redunde no beneficio do suxeito pasivo.

2. Non estará suxeito a esta Taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da comunidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou en casos de calamidade ou catastrofe pública oficialmente declaradas.

Artigo 3º. Suxeito Pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos, e arrendatarios dos inmobles.

2. Cando se trate da prestación de servizos de salvamento e outros análogos, será suxeito pasivo contribuínte a persona física ou jurídica e a entidade prevista no artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que os solicite ou a favor da que redunden.

3. Terá a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendio e outros semellantes, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Exencións e Bonificacións.

1.-Concederanse exencións e bonificacións expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

2.-Gozarán dunha bonificación do 100% aquelas persoas que, non dispoñendo dun seguro cuxa cobertura cubra o custo do servizo, (e sempre e cando dito seguro non sexa de carácter obrigatorio), se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Que os ingresos da unidade familiar á que pertence o suxeito pasivo , non superen os 24.000€ anuais. A estes efectos, se terá en conta a base imponible total da declaración do IRPF do exercicio anterior á data de solicitude. Consideranse membros da unidade familiar todas as persoas que convivan no mesmo domicilio do suxeito pasivo segundo o padrón de habitantes. No suposto de atoparse algún membro en situación de desemprego deberá acreditarse tal circunstancia.

3.-Gozarán dunha bonificación do 50% aquelas persoas que, non dispoñendo dun seguro cuxa cobertura cubra o custo do servizo, (e sempre e cando dito seguro non sexa de carácter obrigatorio), se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Que os ingresos da unidade familiar á que pertence o suxeito pasivo , se atopen no tramo entre 24.001€ e 30.000€, manténdose as normas e criterios sobre base imponible, unidade familiar e desemprego do apartado anterior.

Artigo 6º. Cota Tributaria.

1. A cuota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2. Para este efecto aplicarase a seguinte tarifa:

1. Persoal

Tarifa	POR CADA FRACCIÓN OU HORA DE TRABALLO DE	IMPORTE
1.1	Encargado/a	15,00€
1.2	Axente de Intervención	12,00€
1.3	Conductor/a	12,00 €

2. Material

Tarifa	SEGUNDO O MATERIAL UTILIZADO	IMPORTE
2.1	Pola utilización de equipos especiais	30,00 €
2.2	Por cada litro de desengrasante	10€
2.3	Por cada litro de espumóxeno	5€
2.4	Por cada quilo de absorvente	2€
2.5	Por cada extintor empregado de polvo	12€

	Por cada extintor empregado de CO2	18 €
--	------------------------------------	------

3. Vehículos

Tarifa		IMPORTE
3.1	Pola saída da base da motobomba ou vehículo de intervención rápida, incluída a primeira hora de traballo	100,00 €
3.2	Por cada fracción ou hora de traballo adicional	30,00 €
3.3	Pola saída da base de calquer outro vehículo	30,00 €
3.4	Por cada qm de percorrido de calquera dos vehículos, computándose ida e volta	0,75 €/ qm

4. En tódalas saídas contabilizarase o tempo transcurrido dende a saída ata o regreso á base.

5. Cando o servizo non chegue a intervir cobraranse únicamente a saída do vehículo da base, agás en aqueles desprazamentos fóra do concello nos que se cobrarán ademáis os qm percorridos

Artigo 7º. Obriga de contribuir.

A obriga de contribuir que dá dereito ó cobro da Taxa, prodúcese cando sae da Base a dotación correspondente, momento no que se inicia para tódolos efectos a prestación do servizo.

Artigo 8º. Liquidación e ingreso.

De acordo cos datos que certifique o/a encargado/a do servizo, os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de recaudación.

Artigo 9º. Infraccións e Sancións.

En todo ó relativo á cualificación de infraccións tributarias así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral tributaria.

Diposición Adicional Única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor no día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente Ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 24/02/2010 publicada no BOP nº 80 de data 08/04/2010.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVICIOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

CAPÍTULO 1º . FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 1º . Descrición xenérica

Constitúe o feito imponible da presente taxa tanto a prestación dos servizos públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de salubridade pública, como a realización de aquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do suxeito pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, se dirixan á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de hixiene pública preexistentes á produción da acción ou omisión.

Artigo 2º . Manifestación do feito imponible

1. Integran o feito imponible as prestacións de servizos e a realización das actividades que se reseñan seguidamente:

a) A prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas, de servizos ou calquera outra de carácter meramente social efectuada sen contraprestación.

A xestión de residuos comprende as fases de prerrecollida, recollida e tratamento.

A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e refugалlos de alimentación ou detritos procedentes da limpeza ordinaria de vivendas ou locais, excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial e materiais de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos e perigosos e que a súa recollida ou tratamento esixa a adopción de medidas hixiénicas especiais, profilácticas ou de seguridade, tal e como establece a Lei 10/1990, do 24 de abril, ou que non estean comprendidos entre os sinalados pola ordenanza de hixiene urbana con obxecto da prestación obrigatoria do servizo.

- b) A utilización de instalacións para o tratamento de aqueles residuos que deban ser recollidos fóra da prestación obrigatoria do servizo e teñan o carácter de residuos asimilables ós urbanos, a efectos de tratamento.
- c) A prestación do servizo de limpeza extraordinaria dos lugares nos que se celebrara calquera tipo de acto público, previamente autorizado pola Administración local, a solicitude obrigatoria dos organizadores do evento.
- d) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución, dos vehículos que teñan a consideración de abandonados, segundo o establecido nas disposicións vixentes.
- e) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución dos colectores de residuos de obras da construción, dos cales a súa situación ou permanencia na vía pública contraveña as disposicións vixentes en materia de hixiene urbana.
- f) A recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución, de carteis, soportes e pancartas, así como a limpeza extraordinaria dos espazos ou instalacións da vía pública que fosen utilizados como soporte de aqueles elementos, cando os titulares da autorización ou, á falta desta, os autores materiais da súa colocación, incumpriran as obrigas que, respectivamente, lles impoñen as disposicións vixentes.
- g) A retirada de cadáveres abandonados de animais, xa se atopen na vía pública, xa en lugar privado, o seu transporte e o posterior tratamento hixiénico-sanitario destes.
- h) A limpeza de pintadas en valados, muros, fachadas de edificios ou en calquera elemento do mobiliario urbano, cando o autor non obtivese a autorización ou que a pesar dela, cando as pintadas ou pinturas atentaran contra o ornato público.
- i) A limpeza e valado con cerramentos permanentes, sitos na aliñación oficial, dos terreos e solares sitos en chan urbano ou urbanizable que linden coa vía pública, cando os seus propietarios ou detentadores por calquera título non lle deran cumprimento ás prevencións establecidas.

k) Calquera outra actividade ou servicio que, sen estaren comprendidas nas letras anteriores, a súa realización ou prestación se pode integrar no feito imponible descrito no artigo 1º desta ordenanza.

2. Para os efectos da taxa é indiferente que o servicio se preste por xestión directa, a través de órgano mancomunado ou empresas.

CAPÍTULO 2º . SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

Artigo 3º . Contribuínte

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refiren os artigos 35 e seguintes da Lei xeral tributaria que, con referencia ás manifestacións do feito imponible recollidas no artigo anterior, se atopen nas seguintes posicións:

1º . En relación á contida na súa letra a):

Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares nos que se preste o servicio, aínda que sexa esporadicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro (usufructuario, arrendatario, habitacionista ou mesmo de precario)

2º . En relación ás contidas nas letras b) e c)

Os solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións ou, á falta destas, os que materialmente realicen vertidos ou organicen os actos.

3º . En relación ás contidas nas letras d), e), f) e i):

Os responsables do incumprimento das obrigacións impostas polas disposicións vixentes e que coa súa conducta provocaron a intervención da Administración local.

4º . En relación á contida na letra g):

- Os propietarios dun animal morto que fose abandonado en lugar público ou privado, cando a súa cualidade resulte de rexistro administrativo.

- Os causantes directos da morte do animal, por atropelo ou por outra acción, cando non se deducira de rexistro administrativo a identidade do propietario do animal morto.

5º . En relación á contida na letra h):

- As persoas ou entidades subscribistes do texto da pintada ou do motivo da pintura.
- Os autores materiais destas, cando non estean asinadas.
- Os donos dos elementos de propiedade obxecto da limpeza das pintadas ou pinturas, cando non lle conste á Administración local a identidade dos anteriores.

6º . En relación ás contidas na letra k):

Os suxeitos beneficiarios ou afectados pola prestación ou realización dos servizos ou actividades.

Artigo 4º . Substituto do contribuínte

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ó que se refire o artigo 3.1º desta ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as comunidades de propietarios -ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan ó inmovible- , sen prexuízo de que uns e outros, no seu caso, poidan repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servizo, conforme o artigo 23.2 a) do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, (TRLFL).

Artigo 5º . Concorrenza de suxeitos pasivos

A concorrencia de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria na posición de suxeitos pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concorrentes fronte á Facenda municipal.

Artigo 6º . Outros responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado no artigo 40 da Lei xeral tributaria.

CAPÍTULO 3º . BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 7º . Exencións e bonificacións

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pagamento da taxa, salvo que por lei estatal se establecese outra cousa.

Artigo 8º . Reduccións

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

CAPÍTULO 4º . BASE IMPOÑIBLE

Artigo 9º . Determinación

A base imponible da taxa determinarase en atención ás seguintes circunstancias:

- a) A natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos, no suposto de prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e demais residuos sólidos asimilables.
- b) A natureza, características e intensidade do resto de servizos prestados ou actividades realizadas en materia de hixiene polo Concello de Teo.

Artigo 10º . Definicións

Para os efectos desta taxa, os elementos determinantes da base imponible que aparecen reseñados nas correspondentes tarifas responden ás seguintes definicións:

- Vivendas: domicilios de carácter familiar e pensións que non excedan de 10 prazos.

- Aloxamentos: lugares de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, hostais, pensións, residencias, colexios e demais centros de natureza análoga, que excedan de 10 prazas.
- Locais: lugares ou establecementos susceptibles de seren dedicados ó exercicio de actividades comerciais, industriais, profesionais, de servicios ou calquera outra, incluídas as de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación económica.
- Grandes almacéns: aqueles nos que se exerza unha actividade de comercio polo miúdo en sectores distintos ó agroalimentario, e que a súa superficie total, sen ningunha exclusión, sexa superior a 500 m². No caso de concorrencia de calquera actividade comercial con outras agroalimentarias, cualificarase o establecemento de gran almacén cando a superficie destinada a atención ó público nas actividades comerciais sexa maior ca nas agroalimentarias.
- Fábricas e talleres industriais: establecementos onde se reciben, elaboran ou transforman as materias primas en produtos elaborados ou semielaborados.
- Vehículos abandonados: os referidos na ordenanza de hixiene urbana ou regulamentación do servizo que se aprobe.
- Contedores para obras: os que conteñan materiais utilizados na construción ou derrubamento de edificacións.
- Grandes produtores de residuos: todos os locais, actividades e en xeral suxeitos pasivos que teñan unha produción media diaria superior ós 2.000 litros ou ós 300 k de residuos.

CAPÍTULO 5º . COTAS TRIBUTARIAS E TARIFA

Artigo 11º . Cota tributaria derivada da prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de vivenda ou local, cunha contía que se determinará en función da natureza, destino dos inmobles e produción media diaria de lixo.

No suposto de que conflúan no mesmo domicilio a vivenda e o domicilio fiscal do suxeito pasivo que esté dado de alta no IAE ou IRPF con actividade profesional, únicamente se devengará a taxa correspondente ó recibo de maior importe.

2. As cotas esixibles pola prestación do servicio de xestión de lixo son as fixadas na tarifa nº . 1 que contén o anexo I da presente ordenanza.

Artigo 12º . Cotas derivadas doutras prestacións ou actividades

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, cunha contía que se determinará:

- a) Por sinalamento específico nas tarifas correspondentes.
- b) Por adición das cotas parciais, correspondentes a cada unha das fases nas que sexa fraccionada a prestación do servicio ou realización da actividade.

2. As cotas ás que se refire este artigo son as fixadas nas tarifas 2ª a 8ª desta ordenanza.

Artigo 13º . Tarifas

As Tarifas vixentes, desglosadas nos seus diferentes epígrafes, recóllense no anexo I da presente ordenanza.

Estas tarifas sufrirán un incremento anual automático igual ó IPC oficial correspondente ó ano natural anterior.

CAPÍTULO 6º . PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

Artigo 14º . Período impositivo

Para aquelas prestacións de servicios públicos locais establecidos con carácter permanente, xa sexa a súa execución material continua ou esporádica, o período impositivo coincidirá co período obxecto de cobro, conforme o disposto no artigo 16 desta ordenanza.

Artigo 15º . Devengo

1º . Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servicio ou a realización da actividade.

2º . En referencia á prestación do servicio de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables, enténdese que tal acontece o primeiro día de cada ano natural, cando estea establecido e en funcionamento o devandito servicio nas rúas ou lugares onde se sitúen as vivendas, locais e aloxamentos susceptibles de seren ocupados ou utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa, con independencia do tempo de ocupación do local ou vivenda ó longo do ano e de que dita ocupación se refira á totalidade ou a parte da finca. A tales efectos, considérase que un inmovle é susceptible de ser ocupado ou utilizado cando este dispoña de luz e auga, debendo o interesado acreditar documentalmente, no seu caso, a indispoñibilidade dos citados subministros.

2. Altas e declaracións

1. Produciranse as altas no padrón de recollida do lixo de vivendas coa correspondente alta a efectos do imposto sobre bens inmoables.

De non practicarse a correspondente declaración de alta no imposto sobre bens inmoables, sen prexuízo de que o propio concello poida declarala de oficio, estarase incorrendo en infracción cualificada como grave no artigo 184 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Sen embargo, poderá obviarse a infracción tributaria para os efectos exclusivos da presente taxa, así como a correspondente sanción, coa presentación de instancia ou escrito no que se formula declaración de alta no padrón de taxa de recollida de lixo de vivendas.

2. En relación con locais, comerciais, industriais ou profesionais entenderase como declaración de alta a solicitude de preceptiva licenza de actividades e instalacións, tendo efectos dende a data de concesión ou comezo efectivo da actividade podendo, así mesmo, actuar do oficio a Administración municipal.

3. Os locais baleiros tributarán como vivendas, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

4. Para locais que, non sendo vivendas, excepcionalmente non precisaran de licencia de actividades e instalacións, os titulares deberán presentar formalmente declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes desde o seu inicio, a efectos da súa inclusión no padrón da taxa.

5. Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas.

6. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal.

CAPÍTULO 7º . INGRESO DA DÉBEDA TRIBUTARIA

Artigo 16º . Ingreso definitivo

1º . O cobro das cotas referidas na tarifa número 1 desta ordenanza efectuarase mediante recibo no prazo que determine a notificación ós interesados que practique a administración de tributos, no caso de se producir a alta no servizo. No sucesivo e sen mediar notificación, publicarase o período de cobranza do correspondente padrón fiscal desta taxa.

2º . O cobro das cotas derivadas da aplicación das restantes tarifas será realizado de forma directa polo órgano de xestión de servizo.

Artigo 17º . Ingreso caucional

1º . Cando a prestación do servizo ou a realización da totalidade ou de parte dos actos materiais nos que se concreta a intervención administrativa se produza a petición obrigatoria de parte, o contribuínte, conforme ó establecido no artigo 26 do TRLFL, quedará obrigado a depositar, no momento da autorización da súa solicitude, o importe íntegro da cota correspondente á tarifa aplicable, requisito sen o cal non continuará a Administración local na execución dos actos materiais precisos para ultimar o servizo ou actividade.

2º . O anterior será especialmente aplicable ós supostos nos que a actuación administrativa se tivese concretado no depósito e custodia de vehículos abandonados, colectores de residuos de obras ou pancartas e carteis, trala súa retirada da vía pública, nos termos establecidos, da cal a súa devolución ó titular só se efectuará trala constitución do depósito mentado no número anterior, por canto sen ela non se continuará coa execución dos actos

materiais tendentes á devolución dos bens depositados: identificación e comprobación de titulares, exame da licencia e dos residuos a fin de determinar o seu carácter e o tratamento ó que deben someterse, busca dos bens, comprobación do seu estado e entrega material, con uso dos medios humanos e, no seu caso, mecánicos precisos para levala a cabo.

CAPÍTULO 8º . INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 18º . Réxime xeral

1º . En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2º . A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas.

Artigo 19º . Compatibilidade

A exacción das taxas que pola presente ordenanza se establecen, non exclúe o pagamento das sancións ou multas que procederán por infracción da ordenanza de hixiene urbana que se aprobe no seu caso e demais normativa legal vixente.

Disposición derogatoria única

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a ordenanza deste concello reguladora do prezo público por recollida de residuos sólidos publicada no BOP 298, do 30.12.1998.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO 1

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES: Euros

Epígrafe 10. Vivendas:

Concepto 1000: Vivendas en Núcleos urbanos e urbanizacións, con recollida diaria: 68

Concepto 1001: Vivendas no medio rural, con recollida en días alternos: 47

Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:

Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros): 18,10

Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros): 16,19

Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros): 14,28

Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros): 13,09

Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 149,73 euros): 11,89

Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros: 3,96

Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 149,73 euros): 11,89

Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 87,53 euros): 7,25

Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 83,57 euros): 5,82

Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 418,74 euros anuais): 34,13

Concepto 1110: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 360,23 euros).: 11,89

Concepto 1111: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada centro, ó ano: 290,28

Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m2: 145,14

Epígrafe 12: Locais:

Concepto 1200: RESTAURANTES

120000 de categoría de luxo: 638,63

120001 de categoría 1ª: 580,58

120002 de categoría 2ª: 471,72

120003 de categoría 3ª: 377,38

120004 de categoría 4ª: 283,04

Concepto 1201: CAFETERÍAS:

120100 de categoría especial: 508,00

120101 de categoría 1ª: 399,15

120102 de categoría 2ª: 326,58

120103 de categoría 3ª: 159,65

Concepto 1202: BARES:

120200 de categoría especial, epígrafe 673.1 IAE: 580,58

120201 outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (zona urbana): 130,63

120201 outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (resto): 108,86

Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES: 580,58

Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES:

120400 con restaurante e/ou cafetería: 362,87

120401 os demais: 181,42

Concepto 1205: TEATROS E CINES:

120500 teatros e cines con local pechado: 246,74

120501 teatros e cines con local aberto: 72,58

Concepto 1207: FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS:

120700 ata 10 empregados:

120700.00 de 1 empregado: 115,00

120700.01 de 2 a 4 empregados: 172,50

120700.02 de 5 a 7 empregados: 230,00

120700.03 de 8 a 10 empregados: 287,50

120701 máis de 10 empregados, ata 20: 460,00

120702 máis de 20 empregados, ata 50: 920,00

120703 máis de 50 empregados, ata 100: 1725,00

120704 máis de 100 empregados: 3450,00

Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS Ó POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS.

120801: establecementos en réxime de autoservizo e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da sección 1ª das tarifas do IAE.

120801.00 con superficie superior a 700 m/2: 1725,00 €

120.801.01 con superficie entre 500 e 700m/2: 1155,00 €

120.801.02 con superficie entre 400 e 499 m/2: 840,00 €

120.801.03 con superficie entre os 120 e 399 m/2: 345,00 €

120.801.04 con superficie entre 120 E 60 m/2: 230,00 €

120.801.05 con superficie inferior a 60 m/2: 115,00 €

120802 Outros establecementos:

120802.00 peixerías e carnicerías, verdulerías e froiterías: 115,00

120802.01 os demais establecementos: 87,09

120803 Mercados centrais de maioristas:

120803.00 entidades xestoras dos mercados centrais maioristas: 2394,89

120803.01 por cada posto modular: 341,09

Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINEIRAS E ESTACIÓNS DE SERVICIO:

Concepto 120901 entidades bancarias e caixas de aforro: 689,44

Concepto 120902 gasolinerías e estacións de servizo, por surtidor:

(ata un máximo de 518,37 euros): 145,14

Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Productores de menos de 1000 l de residuos, por día):

121000 ata 500 m2 de superficie: 306,11

121001 desde 500 m2 ata 1000 m2 de superficie: 613,09

121002 máis de 1000 m2 de superficie: 919,20

Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS: 181,42

121100 por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano,:

NOTA: para os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ó pagamento deberán declarar a media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servicio, que poderá rectificar as declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.:

Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS: 87,09

Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS: 27,44

Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES: 87,09

NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servicios de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o concepto 121100.

TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO

Epígrafe 20. Instalacións de tratamento:

Concepto 2001: polo tratamento de cada quilogramo de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 2,75 euros.: 0,025

Concepto 2002: polo tratamento de cada quilogramo de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 3,46 euros.: 0,051

Concepto 2003: carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada quilogramo de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 38,79 euros): 0,114

TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS:

Epígrafe 30. Limpeza:

Por cada m2 de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 48,63 euros): 0,025

Epígrafe 31. Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:

Concepto 3100: por cada quilogramo de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 38,79 euros): 0,114

Concepto 3101: por cada m3 de residuos inertes, euros (cun mínimo de 38,79 euros): 11,36

NOTA: a débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza:

TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS:

Epígrafe 40. Recollida de vehículos:

Concepto 4000: pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.: 25,69

Concepto 4001: pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 k: 53,07

Concepto 4002: pola retirada de camiións, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 k: 131,58

Epígrafe 41. Depósito de vehículos:

Concepto 4100: motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día: 2,09

Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 k, por día: 3,27

Concepto 4102: camiións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 k, por día: 6,97

NOTA 1ª. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.:

NOTA 2ª. No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfacerase o 50% da tarifa que puidese corresponder.:

NOTA 3ª. As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.:

TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE COLECTORES DE ENTULLO:

Epígrafe 50. Retirada e transporte a depósito: 90,08

Epígrafe 51. Depósito por cada día de estancia: 2,93

NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.:

TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS:

Epígrafe 60. Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas:

Concepto 6001: por cada m2 de limpeza e de retirada de carteis: 20,07

Concepto 6002: por cada metro liñal de limpeza de pintadas: 20,07

Concepto 6003: por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros: 11,49

NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.:

TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA:

Epígrafe 70. Por cada unidade de peso menor de 70 k, euros: 17,76

Epígrafe 71. Por unidade de peso superior a 70 k, euros: 56,84

TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º , LETRA K

A cota tributaria será o resultado de aplicar o número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servicio, o tempo investido e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:

Epígrafe 80. Persoal,:

Concepto 8000: técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción: 50,34

Concepto 8001: encargado, xefe, capataz ou inspector dos servicios, por cada hora ou fracción: 23,05

Concepto 8002: conductor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción

NOTA
Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do epígrafe 80.: 14,20

Epígrafe 81. Materiais:

Concepto 8100: o consumo de materiais computarase, previa valoración do concello, a prezos de mercado.:

Concepto 8101: vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros: 23,05

Concepto 8102: conductor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción: 14,20

Epígrafe 82. Desprazamentos:

Concepto 8200: por km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros: 0,97

Concepto 8201: por km percorrido, vehículos lixeiros.: 0,29

NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.

A presente Ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 12/11/2004 e publicada no BOP nº 300 de data 31/12/2004

1. Modificación: *Acordo plenario de data 28/11/2007 BOP nº 31 de data 07/02/2008 Modifícanse o artigos 11 e o Anexo.*

2. Modificación: *Acordo plenario de data 27/10/2011 BOP nº 241 de data 21/12/2011 Modifícase o Anexo.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS

Artigo 1.-Fundamento e obxecto

En uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a taxa polo servizo de retirada e custodia de vehículos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.-Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a retirada, traslado e depósito de vehículos que se atopen na vía pública ou terreos adxacentes, nos supostos previstos na normativa de tráfico e circulación vixente.

Artigo 3.- Devengo

1.-Devengarase a taxa no momento en que interveñan os axentes municipais co fin de retirar ou trasladar o vehículo.

2.- No caso de depósito do vehículo, a taxa devengarase cando este entre no local destinado ó seu depósito.

Artigo 4.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo.

Salvo proba en contrario, entenderase que o afectado pola prestación do servizo é o titular que figure no permiso de circulación do vehículo.

Artigo 5.-Responsables

Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades

e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que indica o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Artigo 6.- Exencións

Estarán exentos da taxa os traslados de vehículos que sexa preciso retirar no caso de subtracción do vehículo, que deberá acreditarse mediante a presentación da correspondente denuncia.

Artigo 7.-Cota tributaria

A cota tributaria será a resultante de aplicar o seguinte cadro de tarifas:

1.-Retirada e traslado ó depósito no termo municipal, por cada vehículo:

- a) Vehículos que teñan unha masa máxima autorizada inferior ou igual a 3.500 kg: 70,00 €
- b) Vehículos que teñan unha masa máxima autorizada superior ós 3.500kg, e ata 12.000kg: 200,00 €
- c) Vehículos que teñan unha masa máxima autorizada superior a 12.000kg, ou vehículos con dimensións ou pesos especiais: 400,00 €

Estas tarifas terán unha redución do 50% cando o suxeito pasivo abone a taxa correspondente con anterioridade ó enganche do vehículo á grúa para o seu traslado.

2.-Depósito de vehículos, por día ou fracción:

- a) Os sinalados no apartado a) do punto 1 deste artigo: 10,00 €
- b) Os sinalados nos apartados b) e c) do punto 1 deste artigo: 20,00 €

Estarán exentos desta tarifa os depósitos de vehículos que dunha duración inferior ás 24 horas contadas dende a súa entrada no depósito.

Artigo 8.-Normas de xestión

- 1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.
- 2.- Para a autorización da retirada do vehículo do depósito no termo municipal deberase acreditar previamente o aboamento das taxas reguladas nesta Ordenanza.

3.- Unha vez recibido o vehículo no depósito requeriase ó seu titular para que no prazo de un mes autoliquide a taxa e retire o vehículo.

4.-Cando o titular do vehículo depositado ou o seu domicilio fose descoñecido, as notificacións faranse mediante publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia por conta do interesado.

5.-Transcorrido o prazo a que se refire o apartado 3, sen que o titular se fixese cargo do vehículo e pagara as taxas orixinadas, iniciárase o seu cobro por vía de constrinximento.

5.-As taxas reguladas nesta Ordenanza son independentes e compatibles coas sancións ou multas procedentes pola infracción das normas de circulación ou policía municipal.

Artigo 9.-Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza Fiscal aprobouse provisoriamente polo Pleno do Concello en sesión de 30 de decembro de 2008, e entrará en vigor a partires do día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

1. A presente Ordenanza publicouse no BOP nº 68 de data 25/03/2009.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E SOCIOCULTURAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Artigo 1.-Réxime Xurídico

De conformidade có disposto no artigo 20.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación có artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o Concello de Teo establece a Taxa por utilización de pavillóns deportivos de titularidade municipal, que se regulará pola presente Ordenanza Fiscal, e no seu defecto, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei 58/2003, Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación, RD 939/2005, de 29 de xullo, o RD 520/2005, de 13 de maio.

Artigo 2.º. Feito imponible.

1.-A taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a utilización das instalacións deportivas e socioculturais municipais que de seguido se detallan:

1.1.-Pavillóns polideportivos de Calo, os Tilos e a Ramallosa e campo municipal da Cañoteira (comprenderá a utilización de vestiarios e duchas).

1.2.-Casas Comúns de Oza, Rarís, Lampai, A Torre-Cacheiras e Os Tilos.

1.3.- Auditorio do Centro Sociocultural da Ramallosa.

1.4. Locais socioculturais de Campos-Teo e Bamonde.

1.5. Salón de Actos de Calo.

1.6. Mediateca do Grilo-Cacheiras.

Artigo 3.º . Suxeitos pasivos.

Están obrigados ó pagamento desta taxa quen solicite a utilización das instalacións deportivas e culturais municipais enumeradas no artigo anterior.

Non obstante o anterior, o Concello mediante acordo de Comisión de Goberno poderá subscribir acordos puntuais de colaboración sempre que isto redunde no interese xeral.

Artigo 4.º . Cota tributaria. Tarifa.

O importe da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

- a) cando o solicitante non cobre entrada, a tarifa será de 10,26€ por hora ou fracción.
- b) Cando o solicitante cobre entrada a terceiros, a tarifa será de 20,52€ por hora ou fracción.
- c) Cando a utilización sexa para actos extradeportivos e extraculturais a tarifa será de 35,91€ por hora ou fracción.
- d) Cando se solicite unha hora fixa semanal, no período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de maio, a tarifa será de 205,20€ .
- e) Cando se solicite o uso do pavillón como albergue a tarifa será de 5,13€ por usuario e noite.

Artigo 5.º . Normas de xestión.

1. As solicitudes para a utilización das instalacións deportivas ou culturais propiedade municipal serán realizadas nun escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Teo polos interesados, cunha antelación mínima de 3 días hábiles en relación ó momento no que se pretenda a súa utilización, concretando a data, hora, actividade que se desenvolverá e demais circunstancias de interese.

2. A obriga do pagamento da taxa orixinarase no momento no que se autorice a utilización das instalacións deportivas e culturais enumeradas no artigo 4.º.

A autorización corresponderá a Alcaldía do Concello de Teo ou Concellaría delegada de Cultura e Deportes. O encargado das instalacións non permitirá a súa utilización sen a presentación da autorización municipal e do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. O Concello de Teo, en casos debidamente xustificados, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse nas instalacións deportivas e culturais municipais. Este depósito poderá constituírse en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Devolverase o seu importe, previo informe da sección de Deportes ou Cultura en que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.

4. Os gastos de persoal de servizo discontinuo (billeteiros, porteiros, vixilantes, electricistas...) e os gastos extraordinarios xerados serán por conta dos organizadores do acto.

5.-A liquidación da taxa realizarase mediante modelo de autoliquidación facilitado nas oficinas municipais e o ingreso farase nunha conta a nome do concello de Teo nas oficinas bancarias que se determinen.

6. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento da taxa a utilización non teña lugar, procederase á devolución do importe correspondente.

7. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia, no caso dos particulares, ós empadroados no Concello de Teo e, no caso de entidades, ás que teñan a súa sede social no Concello.

Artigo 6º.-Exencións.

1. Estará exentas de pagamento as actividades organizadas ou patrocinadas polo Concello de Teo.

2. Os colexios públicos ou concertados do Concello de Teo, as asociacións sen animo de lucro inscritas no Rexistro municipal de asociacións e os clubs deportivos con sede social no Concello Teo tamén poderán utilizar as instalacións deportivas ou culturais de propiedade municipal de xeito gratuíto, sempre que se trate de actividades culturais ou deportivas sen ánimo de lucro.

3. Será gratuíta a utilización dos locais socioculturais e deportivos municipais polos veciños de Teo que carezan de local propio para tratar asuntos de interese veciñal sempre que o seu uso non implique a presenza no local de persoal municipal fóra de horario de oficina.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor a partires do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

A presente Ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 25/06/2008 publicada no BOP nº 239 de data 16/10/2008.

1. **Modificación:** *Acordo plenario de data 28/07/2011 BOP nº 195 de data 13/10/2011 Modifícanse o artigos 2 ,o artigo 4 e o artigo 6.*

2. **Modificación:** *Acordo plenario de data 29/11/2012 BOP nº 24 de data 04/02/2013 Modifícase o artigo 4.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER DO CONCELLO DE TEO

Artigo 1.-Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de alquiler, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Artigo 2.-Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades administrativas tendentes á expedición das licenzas de taxi a que se refire a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e en concreto:

- a) a tramitación administrativa necesaria para a expedición de licenzas.
- b) a tramitación administrativa necesaria para conceder autorizacións para a transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento con arranxo á lexislación vixente.

Artigo 3.-Suxeito pasivo

Están obrigado ó pago do precio público, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas ou entidades a favor dos cales se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou a favor das cales se autorice a transmisión da mesma.

Artigo 4.-Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, dacordo coa seguinte tarifa:

1.-Concesión e expedición de licenza de calquera clase: 200 €

2.-Transmisión intervivos:100 €

3.-Transmisiones mortis causa:100 €

Artigo 6.-Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha ó pago da taxa.

Artigo 7.-Devengo

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír, na data na que o Concello conceda e expida a correspondiente licenza ou autorice a transmisión.

Artigo 8.-Declaración de actividades

1.-A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Ordenanza Fiscal levarase a cabo a instancia de parte.

2.-Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.-Infraccións e sancións

Para a calificación das infraccións tributarias e as sancións que correspondan ás mesmas estarase ó disposto nos artigos 178 e ss. Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza Reguladora do Prezo Público por licenzas de autotaxi aprobada en 1998.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal, da cal a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 30/10/2007, entrando en vigor ó día seguinte á súa publicación no BOP, e manterá a súa vixencia en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº 23 de data 28/01/2008.

1. **Modificación:** *Acordo plenario de data 25/10/2012 BOP nº 248 de data 31/12/2012*
Modifícanse o artigos 2 o artigo 5.

2. **Modificación:** *Acordo plenario de data 28/10/2013 BOP nº 8 de data 14/01/2014*
Modifícase o artigo 1.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENCIAS URBANÍSTICAS

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 de da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Teo establece a Taxa pola expedición de Licencias Urbanísticas, a que se refire o artigo 20.4 h) do Texto Refundido aprobado polo RDLex. 2/2004, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 58 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian realizarse no termo municipal, axústanse ao ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, todo elo de conformidade có establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 3. Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitos ó pagamento da taxa, pero si da obriga de solicita-la oportuna licencia:

- a) As obras que deban efectualas particulares nas vías públicas ou na fachada dos pisos baixos e que sexan consecuencia directa das modificacións de aliñacións ou rasantes, canalizacións ou sumidoiros que faga o Concello.
- b) O branqueo, pintado ou revestimento das fachadas e muros.
- c) As derrubas ou demolicións que se produzan como consecuencia de declaracións de ruína inminente e que fosen ordenados polo Concello.

d) As derrubas ou demolicións daqueles inmobles que de acordo coa actual regulamentación urbanística do Concello se atopen fóra de ordenación e fosen ordenadas por este último.

e) As obras necesarias para a eliminación de barreiras arquitectónicas, sempre e cando non impliquen incremento de volume da edificación nin cambio de uso de ela.

Artigo 4. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan solicitantes dunha licenza ou que executen as instalacións, obras ou construcións sen ter obtido a preceptiva licenza.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras, de conformidade co previsto no artigo 23.2.b) do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 5. Responsables solidarios e subsidiarios

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades i entidades en xeral, nos supostos e coa extensión que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 6.-Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cota fixa á que, segundo a natureza do expediente a tramitar, se lle sumará outra cantidade en función da superficie, lonxitude ou unidade, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. Para determinar a superficie das obras e instalacións terase en conta a totalidade das súas plantas e espazos construídos.

Artigo 7.-Tarifa

1. Licencias de autorización para a segregación de parcelas urbanas, por cada parcela resultante: 60,00 euros.

2. Licencias de primeira ocupación de vivendas unifamiliares:

a) vivendas de ata 200 m² de superficie construída: 60,00 euros.

b) vivendas de 2001 m² a 400 m² de superficie construída: 90,00 euros.

c) vivendas de mais de 400 m² de superficie construída: 120,00 euros.

3. Licencias de primeira ocupación de vivendas colectivas:

a) cota fixa por inmovible: 90,00 euros.

b) por cada unidade de vivenda e por cada 100m² ou fracción comercial ou industrial: 15,00 euros.

c) por cada 100 m² ou fracción de garaxes, trasteiros e demais dependencias auxiliares: 10,00 euros.

4. Licencias de primeira ocupación de naves e instalacións industriais e comerciais:

a) cota fixa por unidade: 90,00 euros.

b) por cada 200m² ou fracción: 12,00 euros.

5. Instalación de tanques, depósitos de almacenamento de auga, piscinas, etc., así como outros depósitos de almacenamento de gas, petróleos, gasóleos e similares: 60,00 euros.

6. Instalación de quioscos en vía pública:

a) cota fixa por unidade: 60,00 euros.

b) por cada metro cadrado: 30,00 euros.

7. Instalación de carteis publicitarios:

a) cota fixa por unidade: 60,00 euros.

b) por cada metro cadrado: 30,00 euros.

8. Fixación de liñas e rasantes de edificacións:

a) Cota fixa por unidade: 60,00 euros.

b) por cada metro: 1,50 euros.

9. Construcción de edificacións:

a) Os primeiros 200 metros cadrados construídos: 0,30 euros por metro cadrado.

b) Dos 200 aos 1.000 metros cadrados construídos: 1,50 euros por cada metro cadrado deste tramo.

c) A partir de 1.000 metros cadrados construídos: 2,16 euros por cada metro cadrado deste tramo.

d) Cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de 60,00 euros.

10. Demolición de edificacións:

a) Os primeiros 1.000 metros cadrados: 0,15 euros por metro cadrado.

b) A partir de 1.000 metros cadrados: 0,30 euros por metro cadrado deste tramo.

c) cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de 60,00 euros.

11.No caso de obras maiores: expedición e subministro do cartel de obra normalizado segundo o modelo establecido na normativa urbanística: 120,00 euros.

12.Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito imponible desta ordenanza en no apareza especificada nos epígrafes destas tarifas, esixirase unha taxa mínima de 60,00 euros.

Artigo 8.-Devengo

1. Devengase a taxa e xurde a obriga de contribuír cando se comece a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase comezada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licencia, a taxa devengarase cando se comece a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.

3. A obriga de contribuír, unha vez xurdida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licencia solicitada nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licencia.

Artigo 9.-Beneficios Fiscais

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

Artigo 10.-Normas de Xestión

1.- Os interesados na obtención dunha licencia de obras ou urbanística virán obrigados a presentar no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, especificando a natureza da obra, lugar de emprazamento, importe estimado da mesma, medicións e destino.

2.-Cando se trate de licencia para aqueles actos nos que, de conformidade coa normativa estatal, autonómica e local aplicable, non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, acompañarase á solicitude un presuposto das obras a realizar así como unha descrición precisa da superficie afectada, materiais a empregar, i en xeral, das características da obra ou acto, dos cales os seus datos permitan comprobar o seu custe.

3.-Se despois de formulada a solicitude de licencia se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 11.-Liquidación, Notificación e Ingreso

1.-Á vista da documentación presentada polos interesados, previo estudio e valoración da mesma pola oficina técnica municipal, practicarase liquidación provisional tomando como base imponible para esta liquidación o presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando elo constitúa un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal en función do presuposto, memoria ou datos subministrados polo suxeito pasivo.

2.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o artigo 5 da presente ordenanza, practicando a correspondente liquidación definitiva, i esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3.-O ingreso realizarase nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 12.Caducidade e duración das licencias

1.-Considéranse caducadas as licencias si despois de ser concedidas transcorren mais de seis meses sen dar comezo ás obras, ou cando, unha vez comezadas, foran interrompidas durante o devandito prazo, excepto nos casos de forza maior, que deberá ser alegada polo titular da licencia antes de que expire o referido prazo para a súa resolución posterior polo organismo concedente.

2.-Transcorrido o prazo de caducidade, quedará sen valor nin efecto algún a autorización obtida, salvo que anticipadamente se solicite e se obteña a prórroga regulamentaria, que terá como prazo máximo o da licencia orixinaria.

Artigo 13. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o artigo 11 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenrolen.

Disposición derogatoria única

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a ordenanza deste concello reguladora de licencias urbanísticas publicada no BOP núm.283, do 12.12.2000.

Disposición Final

1.A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno do Concello de Teo en sesión celebrada o día 12 de novembro de 2004, e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia o día ... de ... de 2004, comezará a aplicarse a partires do día 1 de xaneiro do 2005, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresas.

A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº 300 de 31/12/2004.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE CARNÉ PARA A VENDA NO MERCADIÑO DE TEO E PARA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO

Artigo 1.-Concepto.

De conformidade co disposto no artigo 117, en relación co 41.a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e en cumprimento do establecido na disposición transitoria segunda da Lei 10/1998, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, o Concello establece a taxa pola expedición do carné que autoriza a venda no mercadiño semanal de Teo, así como para a venda ambulante no Concello.

Artigo 2.-Obrigados ó pagamento.

Estarán obrigados ó pagamento as persoas ou entidades a favor das que se outorguen licencias, e tamén os que, sen previa autorización, se beneficien do aproveitamento.

Artigo 3.

A Policía Municipal evitará que se ocupe a vía pública ou terreos de dominio público con esta clase de instalacións, e que se exerzan nelas ningunha industria sen acreditarse estar debidamente autorizados ou sen ter aboados previamente os dereitos que se sinalan nesta ordenanza.

Artigo 4.

O número de postos de venda será fixado pola autoridade municipal, a superficie que ocuparán vén determinada no Regulamento de feiras e mercados aprobado por este Concello e a adxudicación de novos postos realizarse por orde de data de petición.

Os postos deberán ser situados nos emprazamentos que inicialmente se lles asigne ata a renuncia do adxudicatario, a suspensión ou supresión da licencia ou o traslado do mercadiño a outro lugar do municipio; os postos poderán, sen embargo, cambiar de sitio previa autorización da Alcaldía a petición escrita do titular do posto, quen deberá achegar á solicitude xustificación suficiente dos motivos polos que solicita o cambio de emprazamento.

Artigo 5.

O titular do posto deberá conserva-la autorización durante todo o período no que esta teña vixencia, e mostrarlle ós axentes e funcionarios municipais que lla pedisen. O mal uso destas autorizacións producirá a súa caducidade e a perda dos dereitos aboados.

Artigo 6.

Os postos que se concedan non poderán ser destinados a usos distintos daqueles para os que foron concedidos.

Artigo 7.

A corporación municipal resérvase o dereito de cambia-los días, horas e lugar nos que se celebrará o mercadillo.

Artigo 8.

As concesións ás que se refire a presente ordenanza serán solicitadas nas oficinas municipais, nas que se lles expedirá o carné ou autorización regulamentaria, previo pagamento dos dereitos establecidos no artigo seguinte, especificándose o tempo e data ou datas da instalación e o tempo de validez.

Artigo 9.-Tipos de gravame.

a) Pola expedición do carné de vendedor no mercadillo, así como pola renovación anual deste carné, os interesados aboarán a cantidade de seis mil pesetas, como requisito previo ó desenvolvemento da actividade.

b) Para as licencias de venda ambulante nas súas diversas modalidades, especificadas no Regulamento de feiras e mercados deste Concello, a taxa será a que no seu momento fixe o Pleno do Concello.

Artigo 10.

O horario de venda no mercadillo será o que fixe a autoridade municipal, podendo comezarse a instalación dos postos á media hora antes da súa apertura.

Este horario poderá ser modificado polo Concello se así o aconsellasen as circunstancias para o mellor funcionamento do mercadinho.

Os vehículos deberán ser retirados dos postos, non se permitindo que permanezan dentro do espacio asignado ó mercadinho.

Artigo 11.-Inspección e sancións.

As infraccións relativas ós dereitos do consumidor serán sancionadas polas autoridades competentes na materia, de conformidade co establecido na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, e no R.D. 1.945/83, do 22 de xuño, previa a instrución do correspondente expediente administrativo.

Artigo 12.

Sen prexuízo das infraccións establecidas no Regulamento de feiras e mercados deste Concello, as infraccións ó preceptuado nesta ordenanza serán clasificadas en leves, graves e moi graves.

Serán faltas leves:

- A discusión entre vendedores.
- A venda de produtos diferentes ós autorizados na licencia.
- Aumenta-la superficie do posto con máis metros dos autorizados, ou non garda-la distancia entre postos que lle fora sinalada.
- Non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado.

Serán faltas graves:

- A venda deste vehículo cando estea expresamente prohibida.
- A comisión de tres faltas leves no prazo de un ano.
- Realiza-la venda en lugares, datas e horario diferentes ós autorizados.

- O desacato ás ordes dos axentes da autoridade, dentro do establecido nas presentes normas.

- Ocupa-lo sitio ou vender no lugar que corresponda a outro vendedor.

- Dedicarse á venda ambulante sen a correspondente autorización.

Serán faltas moi graves:

- Transferirlle o posto a outra persoa ou entidade sen a autorización do Concello.

- A reiteración de faltas graves.

Artigo 13.-As sancións que poden impoñerse son as seguintes:

- Por faltas leves:

- 1) Apercibimento.

- 2) Multa de 10.000 a 20.000 ptas.

- Por faltas graves:

- 1) Multa de 20.000 a 40.000 ptas.

- 2) Suspensión de licencias de tres a seis días de mercadiño.

- Por faltas moi graves:

- 1) Suspensión de licencia de sete días de mercadiño a seis meses.

- 2) Retirada definitiva da licencia.

Pola comisión de faltas graves ou moi graves poderá esixírselle ó infractor a retirada inmediata do posto, e en caso de non realizalo, farao o Concello de oficio.

Disposición final

Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto nas normas de rango superior sobre a materia, especialmente ó sinalado na referida Lei 10/88, do 20 de xullo.

Esta ordenanza entrará en vigor o día en que sexa publicado o seu texto íntegro no BOP.

A presente Ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 29/09/1998 e publicada no BOP nº 274 de data 28/11/1998

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS

Artigo 1.-Fundamento e natureza

En uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas e elementos análogos con fins lucrativos que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Artigo 2.-Feito Impoñible

Constitúe o feito imponible da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal, a ocupación de terreos de uso público local con:

- a) mesas e cadeiras de cafeterías, cervexarías, café-bar, restaurantes ou pastelerías.
- b) Tribunas e estrados instalados con carácter lucrativo.

Artigo 3.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos obrigados ao pago da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licenzas ou quen se beneficie do aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4.-Responsables

- 1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.
- 2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-Beneficios fiscais

Non se recoñecerán máis beneficios fiscais que aqueles recoñecidos en virtude de lei ou dos tratados internacionais.

Artigo 6.-Base imponible

Os elementos determinante da base imponible virán dados pola natureza do negocio, e pola superficie ocupada.

Artigo 7.-Cota tributaria

A cota tributaria ven determinada polo seguinte cadro de tarifas:

Tarifa 1.- Cafeterías, café-bar, bares, cervexarias e pastelerías:

- Por metro cadrado e ano: 15€

Tarifa 2.-Restaurantes e casas de comidas

- Por metro cadrado e ano: 24€

Tarifa 3.- Por tribunas ou estrados

a) con carácter permanente, por metro cadrado e ano: 15€

b) con carácter esporádico, por metro cadrado e día: 6€

Artigo 8.-Devengo

A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo que coincide co ano natural, agás nos casos de alta e baixa en día distinto do 1 de xaneiro, que se prorrateará por trimestres naturais.

Artigo 9.-Xestión da taxa

Os titulares dos negocios deberán presentar solicitude no Rexistro Xeral do Concello na que se especifique o enderezo do local de negocio, o tipo de establecemento e o tipo de ocupación (mesas, cadeiras, estrados...)

Posteriormente a Policía Local levantará informe sobre a superficie a ocupar, e dará traslado da mesma aos servizos económicos que procederán a practicar a liquidación

correspondente ao primeiro período, na mesma Resolución na que se autoriza a ocupación solicitada.

As altas formarán parte do padrón que se elaborará anualmente para o cobro dos recibos.

As baixas deberán comunicarse por escrito ao Concello de xeito que se teña dereito á devolución correspondente ao número de trimestres completos que resten para completar o ano.

Artigo 10.-Protección contra a contaminación acústica

O pago da taxa que permite a ocupación de terreos de uso público local obriga ao estrito cumprimento da Ordenanza tipo sobre a protección contra a contaminación acústica, decreto 320/2002 publicado no DOG do 28 de novembro de 2002, que o Concello de Teo adopta como ordenanza de referencia

Artigo 11.-Infraccións e sancións tributarias

Para a cualificación das infraccións tributarias e as sancións que correspondan ás mesmas estarase no disposto nos artigos 178 e ss. Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición final

A redacción da presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 28 de novembro de 2007, entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e manterá a súa vixencia en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

A presente Ordenanza foi publicada no BOP nº 31 de data 07/02/2008

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS FUNERARIOS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade có disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, e, cós artigos 20 a 27 e 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa por prestación de servizos funerarios , que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e demais normas concordantes.

ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal de Teo. Comprende a prestación de actividades relativas o cemiterio municipal tales como:

concesión de nichos, apertura de nichos para inhumacións e exhumacións, traslados de cadáveres ou restos, permisos para colocación de lápidas, cambios de titularidade, vixilancia e conservación do cemiterio, e calquera outros que de conformidade co Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria e demais lexislación específica sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

ARTIGO 3º.- OBRIGA DE CONTRIBUÍR

A) Orixínase coa prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose que inician no momento de solicitar a prestación dos mesmos. No caso da taxa pola conservación, devengarase o día 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo coincidirá co ano natural.

B) Considéranse non suxeitas as inhumacións ou exhumacións que ordene a autoridade xudicial. Tamén se considerarán non suxeitas as permutas de nichos cando o Concello sexa un dos interesados.

ARTIGO 4º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, solicitantes aos que se lles conceda ou autorice

a prestación do servizo, e, en calquera caso, os titulares da concesión, herdeiros ou persoas que os representen.

ARTIGO 5º.- RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 6º.- CRITERIOS XENÉRICOS DE CAPACIDADE ECONÓMICA

Non se esixirá o pagamento para os servizos de enterramento de persoas pobres de solemnidade, cando a familia non pague ningún tipo de pompa fúnebre.

ARTIGO 7º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase atendendo ás seguintes ta:

Concepto	Importe
1. Concesión de nichos por 75 anos	1.250,00 €
2. Concesión de panteóns completos por 75 anos	5.000,00 €
3- Concesión de columbarios por 75 anos	450€
1. Cambios de titularidade, cando proceda a súa autorización. 1.1. De nichos 1.1.1. Por cesión. Por cada nicho. 1.1.2. Por herdanza ou transmisión entre cónxuxes ou familiares ata o 3º grao de parentesco. Por cada nicho. 1.1.3. Permuta, por causa xustificada. Por cada nicho permutado. 2.2 De panteóns completos 2.1.1. Por cesión. Por cada panteón 2.1.2. Por herdanza ou transmisión entre cónxuxes ou familiares ata o 3º grao de parentesco. Por cada panteón. 2.1.3. Permuta, por causa xustificada. Por cada panteón.	20% valor vixente 6€ 6€ 30% valor vixente 60€ 60€

2. Por licencias de apertura de sepulturas para inhumacións ou exhumacións e servizo de enterrador/a.	
2.1. Por cada permiso de apertura en nichos.	60€
3.2. Con redución de restos ou traslado para outro nicho deste cemiterio	120 €
4. Por autorización para colocación de lápidas, adornos, revestimentos de sepulturas, etc.. Por cada nicho.	6€
5. Vixilancia e conservación do cemiterio.	
5.1. Por cada nicho e cada ano.	10€
5.2. Por cada panteón completo	50€
5.3 Por cada columbario	10€

ARTIGO 8º.- CONCESIÓN DE NICHOS OU PANTEÓNS

A concesión dun nicho ou dun panteón completo outorga o seu dereito de uso para os fins descritos no Regulamento do Cemiterio Municipal de Teo e nas condicións económicas recollidas nesta ordenanza. As concesións serán outorgadas por un prazo de 75 anos, independentemente das transmisións que puideran producirse durante este período.

Antes do remate do prazo de concesión poderá renovarse esta por períodos similares solicitando unha nova concesión e realizando o pago das taxas actualizadas nese momento. Excepcionalmente, e se nalgún nicho se ten realizado un enterramento nos últimos cinco anos da concesión, poderá solicitarse unha única prórroga da concesión ata completar os cinco anos dende o enterramento, previo pago da taxa prorrataada en función dos anos da prórroga.

ARTIGO 9º.- NORMAS COMPLEMENTARIAS

1. Os restos de cadáveres enterrados en calquera clase de sepultura poderán pasar ao osario, se así se solicita, sen pagar ningún dereito, sempre que a sepultura quede libre, efectuándose as operacións por conta do Concello e revertendo a sepultura desocupada en favor do mesmo.

2. Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foran obxecto de autorización e pagamento de dereitos, abonarase o importe que resulte de liquidar as transferencias anteriores conforme á Ordenanza actualmente vixente.

3. A colocación de lápidas, ou elementos ornamentais, axustarase ás condicións da autorización e ás normas que se establecen no Regulamento do Cemiterio Municipal de Teo.

4. Como consecuencia da desatención das sepulturas por parte de quen ostente a súa titularidade, dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, o Concello poderá proceder á retirada dos obxectos que se encontren deteriorados ou en mal estado, sen que proceda resarcimento ou indemnización algunha por tal concepto.

5. Toda clase de nichos que, por calquera causa, queden vacantes, reverten a favor do Concello.

6. O Concello poderá declarar a caducidade, revertendo á entidade local a plena dispoñibilidade dunha sepultura polo seu abandono.

Considerarase producido o abandono cando leven transcorridos máis de 10 anos desde a última inhumación realizada, e se produza a falta de pagamento dos dereitos de vixilancia e conservación durante igual período. Tamén se considerará abandono se despois de 10 anos da morte do titular os seus herdeiros, ou persoas subrogadas por herdanza ou outro título, non solicitasen a transmisión ao seu favor.

A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no que se dará audiencia aos interesados. No caso de non ser coñecido o seu domicilio publicárase o correspondente Edito no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de dous

meses para efectuar a comparecencia e poñerse ao corrente das débedas tributarias existentes ou efectuar a reparación que proceda.

Declarada a caducidade das sepulturas de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, o Concello poderá dispoñer das mesmas unha vez trasladados os restos ao osario.

ARTIGO 10º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos dos que se trate no Rexistro Xeral do Concello, acompañando os documentos preceptivos necesarios para a súa tramitación, ou os que se requiran ao efecto para fundamentar a solicitude.

2.- Resolta a solicitude practicarase liquidación, que será notificada ao interesado.

ARTIGO 11º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS

En materia de cualificación das infraccións, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As cotas tributarias fixadas no artigo 7º desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ao Consumo, que sinale o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre, por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello e publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor unha vez que o cemiterio municipal complete a súa tramitación administrativa, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 24/02/2010 publicada no BOP nº80 de data 30/04/2010.

*1. **Modificación:** Acordo plenario de data 28/06/2012. BOP nº163 de data 28/08/2018. Modifícase o artigos 7.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 1. Fundamento

De conformidade co previsto nos artigos 17 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (en diante SAF).

Artigo 2. Concepto

A taxa regulada nesta ordenanza fiscal constitúe unha contraprestación pecuniaria que será aboada polas persoas que adquiran a condición de usuarias do SAF do concello de Teo de acordo coa ordenanza reguladora do servizo.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Están obrigadas ao pagamento da taxa regulado nesta ordenanza fiscal quen se beneficie da prestación do SAF prestado polo concello de Teo. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

Artigo 4. Contía

1. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do SAF a través do Sistema Galego de Atención á Dependencia (acceso directo)

a) A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

b) O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do SAF prestación básica dos servizos sociais (acceso libre)

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no punto anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

3. Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias do SAF a través do Sistema Galego de Atención á Dependencia (acceso directo)

a) No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

b) Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado, ou á que no seu caso corresponda conforme ao recollido na normativa de referencia en materia de dependencia respecto á intensidade dos servizos:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Até	Grao I <=20 h	Grao II <=45 h	Grao III <=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

c) Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais

prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

d) En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

e) No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

Capacidade económica (referencia da ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
Ata	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

4. Participación das persoas usuarias do SAF prestación básica dos servizos sociais (acceso libre)

a) Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 149/2013.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Participación no custe do servizo de SAF básico
$\leq$ ao 80% do IPREM	0%
$>$ do 80% e $\leq$ do 150% do IPREM	10%
$>$ do 150% e $\leq$ do 200% do IPREM	20%
$>$ do 200% $\leq$ do 250% do IPREM	40%
$>$ do 250% IPREM	60%

b) Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.”

Artigo 5. Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Teo, en concepto de achega das persoas usuarias para a participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 6. Obriga de pagamento

A obriga de pago nacerá o primeiro día de cada mes natural, agás nos supostos de altas no servizo, que xurdirá o día en que se asine o acordo do servizo previsto no art. 7.4 da Ordenanza reguladora do servizo. As taxas non se prorratarán por períodos inferiores ao mes, agás nos supostos en que o servizo non se preste por causas non imputables ao usuario ou os supostos de suspensión temporal do servizo previstos na Ordenanza reguladora do servizo, en cuxo caso prorrataranse en función dos días naturais en que non se tivese prestado o servizo.

Artigo 7. Normas de xestión

O prazo de pagamento da taxa deberá aboarse nos sete primeiros días naturais do mes seguinte ó de atención.

Artigo 8. Procedemento de prema

As débedas por impago das taxas contempladas nesta Ordenanza esixiránse polo procedemento de prema de acordo co disposto nos artigos 10.1 e 46.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar (SAF) publicada no Boletín Oficial da Provincia de 23 de decembro de 2009 e modificada en 2013.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor a partir do seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

1. A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 26/06/2014 publicada no BOP nº164 de data 29/08/2014.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO DE SOLLÁNS – ETC DE TEO

Artigo 1º- Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola Utilización dos Postos de Traballo do Espazo de Traballo Colaborativo de Solláns – ETC de Teo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización dun posto de traballo dispoñible dentro da instalación municipal referida e consistente en: uso de mesa de traballo, caixoneira, estanterías, sala de reunións, cabina de son e aparcamento, ademais de acceso ao servizo de internet e caixa de correo postal compartido.

Artigo 3º- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º- Responsables

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Artigo 5º- Base imponible

A base imponible sobre a que se determinará a cota tributaria configúranse a cantidade de horas de ocupación do posto de traballo.

Artigo 6º- Cota tributaria

Suxeito	Horas de ocupación	Taxa mensual
Empresas unipersoais	6 horas / día	30 €
Empresas unipersoais	12 horas / día	60 €

Artigo 7º- Exencións e bonificacións

Bonifícarase co 100% da obriga de pago destas taxas:

- a) Emprendedores, definidos como tal no regulamento de funcionamento desta instalación.
- b) Asociacións, centros de ensino ou colectivos autorizados polo Concello.
- c) Empresarios cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 66%.

Bonifícarase co 30% da obriga de pago destas taxas:

- a) Mulleres empresarias.
- b) Empresarios cunha discapacidade recoñecida do 33% ou superior.

Artigo 8º.-Devengo

A taxa devengarase cando se inicie o aproveitamento , momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da autorización.

A taxa devengarase ao inicio do mes.

Nos casos de cesamento do uso das instalacións, procederá aplicar o prorrateo mensual correspondente ao período real de ocupación.

Artigo 9º- Réxime de declaración e ingreso

As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

O ingreso da taxa realizarase do seguinte xeito:

Vista a proposta inicial de adxudicación, as persoas adxudicatarias non exentas de pago realizarán, no prazo de 10 días naturais, o pago da tarifa correspondente a totalidade do mes en curso no caso de realizarse o ingreso antes do día 15, ou a correspondente a medio mes, se o ingreso é posterior ao día 15.

O pago da taxa pola utilización do ETC de Solláns será mensual e realizarase, con carácter previo, mediante o ingreso en conta bancaria do concello nos primeiros cinco días do mes en curso.

Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable o suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa.

Artigo 10º- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas, en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposicións

Disposición adicional primeira

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición adicional segunda

As cotas tributarias fixadas no artigo 6 da presente ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ao Consumidor que sinale o Instituto Nacional

de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre, por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no boletín oficial da provincia.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 26/09/2018 e publicada no BOP nº228 de data 29/11/2018.

1. Modificación: *Acordo plenario de data 24/04/2019. BOP nº82 de data 02/05/2019. Modifícase o artigo 9.*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO PARA A VENDA AMBULANTE

Artigo 1.º.–Fundamento e natureza.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola Utilización Privativa do Espazo Público para a Venda Ambulante, no concello de Teo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.º.–Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa do dominio público para a venda ambulante.

Considérase venda ambulante ou non sedentaria, tal como establece o artigo 70 da Lei 13/2010, do Comercio Interior de Galicia, a realizada por persoas comerciantes, fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda.

Artigo 3.º.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4.º.–Responsables.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Artigo 5.º.–Cota tributaria. Tarifas.

Mercados periódicos ou eventuais, venda en enclaves illados ou venda itinerante (en días soltos)	0,4 € m ² /día	
Mercados periódicos semanais	4,8 € m ² /trimestre (incluídos, ademais os ocasionais no mesmo período, sempre que a natureza do mercado sexa compatible) O devengo poderá ser anual cando a actividade sexa exercida todo o ano, podendo satisfacer o pago dos catro trimestres por adiantado	
Camións-tenda	10 € m ² /trimestre O devengo poderá ser anual cando a actividade sexa exercida todo o ano, podendo satisfacer o pago dos catro trimestres por adiantado	
Feira de San Martiño	Carpas para a venda do polbo ou churrasco	1,8 €/m ² por feira
	Postos de venda en xeral	4 €/m ² por feira (cun importe mínimo de 20 €/posto)

Para a determinación da superficie a ocupar terase en conta a colocación de toldos, separadores e outros elementos auxiliares, a fin de computar o perímetro total de ocupación.

Artigo 6.º.–Exencións.

Quedarán exentos do pago desta taxa:

- a) Produtores labregos, para a venda de excedentes da horta (actividade regulada polo Decreto 125/2014, de 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda de produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.
- b) Actividades desenvolvidas por organizacións sen ánimo de lucro.
- c) Postos que participen nos eventos esporádicos que determine o concello , en concreto, as festas estacionais do mercado labrego dos Tilos e os mercados ocasionais organizados por este noutras parroquias, e co fin de mellorar a oferta de produtos.
- d) Actividades comerciais realizadas en espazos de titularidade non municipal.

Artigo 7.º.–Período impositivo e devengo.

A taxa devegarase cando se inicie o aproveitamento , momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da autorización.

Cando a taxa teña natureza periódica, devengarase ao inicio do trimestre (primeiro de xaneiro, abril, xullo e outubro) ou do ano natural.

Nos casos de inicio ou cesamento do aproveitamento do dominio público local, procederá aplicar o prorrateo mensual correspondente ao período real de ocupación.

Nas autorizacións para o exercicio de venda ambulante fora das feiras e mercados, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na autorización municipal.

Así mesmo, no suposto de devengo puntual para exercer a actividade de venda dentro dos mercados ou feiras, o período impositivo será aquel para o que se solicite a utilización privativa do dominio público local.

Artigo 8.º.–Réxime de declaración e ingreso.

3. As cantidades esixibles conforme ás tarifas previstas no artigo 6 desta ordenanza liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado.

4. O ingreso da taxa realizarase:

☐ Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante en feiras e mercados periódicos organizados, unha vez notificada a alta no padrón correspondente, e no caso de prórroga da autorización, por anos naturais no lugar e forma que se estableza e que se notificará mediante edictos.

☐ Tratándose de autorizacións para o exercicio da venda ambulante fora das feiras e mercados periódicos organizados, os solicitantes presentarán a autoliquidación da taxa e xustificante de ter ingresado a cota no momento de presentar a correspondente solicitude.

☐ Cando, existindo autorización, non sexa efectiva a ocupación por causa imputable ó suxeito pasivo, non procederá a devolución da taxa, agás nos supostos de cese de actividade debidamente acreditada en forma e prazo.

Artigo 9.º.–Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas, en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Disposición adicional primeira

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición adicional segunda

As cotas tributarias fixadas no artigo 6 da presente ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ao Consumidor que sinale o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto, á centena superior ou inferior.

Disposición derogatoria

A partires da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará automaticamente derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para a venta ambulante vixente ata agora no concello de Teo.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal manterá a súa vixencia a partires da publicación do seu texto íntegro no BOP de forma indefinida, en tanto non sexa modificada ou derogada.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 28/01/2016 e publicada no BOP nº69 de data 13/04/2016.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, SOPORTES DE CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS PARA EXHIBICIÓN DE ANUNCIOS

Artigo 1.-Concepto

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 4.1b) da Lei 39/1998, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais , este Concello establece o precio público pola utilización de columnas, soportes de carteis e outras instalacións municipais que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago do servizo público regulado nesta Ordenanza quen se beneficie dos servizos o actividades, prestados ou realizados por este Concello, a quen se refire o artigo anterior.

Artigo 3.- Cuantía.

A cuantía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifa seguinte:

Por colocación ou instalación de anuncios en bens de propiedade municipal. Por columna e mes: 100 pts.

Artigo 4.- Obrigación de pago

1. A obrigación de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace ao autorizarse a utilización dos bens enumerados no artigo 1º atendendo a petición formulada polo interesado.
2. O pago de dito prezo público efectuarase ao retirar a oportuna autorización.
3. As débedas por este prezo publico poderán exisirse polo procedemento administrativo de apremio, de acordo co Regulamento xeral de Recadación.

Artigo 5.- Xestión

As persoas naturais ou xurídicas interesadas na utilización dos bens a que se refire a presente Ordenanza deberán presentar solicitude detallada ante este Concello dos servizos desexados.

Disposición Final

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín oficial da Provincia e transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local , e comezará a aplicarse a partires do 1 de xaneiro de mil novecientos noventa, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 28/10/1989 e publicada no BOP nº298bis de 30/12/1989.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR REALIZACION DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

Artigo 1.-Fundamento e natureza

En uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e en virtude do establecido nos artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Teo establece o Prezo Público por realización de actividades culturais e deportivas, que se rexirá pola presente Ordenanza, e, no seu defecto, polo citado RDL 2/2004, así como polo RD939/2005, RXR.

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitue o feito imponible do prezo público regulado nesta Ordenanza a realización das actividades recollidas no artigo 4 desta Ordenanza.

Artigo 3.-Obrigados ó pago

Resultan obrigados ó pago, as persoas físicas, xurídicas e entidades que se beneficien dos servizos e actividades a que se refire esta Ordenanza.

Artigo 4.- Importe do prezo público

- escolas deportivas e culturais.- 20€ por actividade
- cursos e obradoiros.-20€ por actividade.
- actividades físicas e de lecer.-20€ por actividade.
- campamentos urbáns.-20€ por campamento.
- campamentos de verán e excursións de mais de un día: 10€ por día.”

Artigo 5.- Exencións e bonificacións

A solicitude de exencións de prezos públicos deberá facerse por escrito no momento de formalizar a inscrición na actividade, agás cambios que se produzan con posterioridade.

No caso de solicitudes posteriores de exencións de prezos públicos que sexan admitidas e tramitadas polo concello e de resolverse favorablemente, a bonificación ou exención terá efectos a partir da data da solicitude de bonificación.

Darán dereito a exención total nos prezos públicos pertencer a:

☐ Familias en situación de emerxencia social acreditada polos servizos sociais do Concello de Teo, mediante informe social, no que se faga constar a dificultade económica de acceso a este servizo.

☐ Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 25% do IPREM anual*. (*) IPREM anual: indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, e xustificarse coa presentación desta declaración ou documentación análoga no caso de non existir obriga legal de presentala.

☐ Unidades familiares na que todas e todos os seus membros adultos se atopen en situación de desemprego . xustificarse coa presentación de documentación acreditativa da situación de desemprego e da de convivencia.

Darán dereito a unha bonificación do 50% nos prezos públicos pertencer a:

☐ Familia numerosa de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Presentarase titulo de familia numerosa.

☐ Unidades familiares cunha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM anual. (*) IPREM anual: indicador público de renda de efectos múltiples. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF, e xustificarse coa presentación desta declaración ou documentación análoga no caso de non existir obriga legal de presentala.

Darán dereito a unha bonificación do 20% nos prezos públicos as seguintes situacións :

☐ Pertencer a unha familia numerosa categoría xeral, segundo a súa definición contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Presentarase titulo de familia numerosa

□ Usuarios e usuarias menores de idade con cunha discapacidade recoñecida como mínimo do 33% . Documentarase coa certificación de discapacidade ou co declaración de dependencia.

□ Pertencer a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarse, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.

As anteriores bonificacións non son acumulables, de xeito que os usuarios/as tan só poderán acollerse a aquela que lles resulta máis beneficiosa.

Artigo 6.-Xestión.

Para a participación nas actividades, os interesados deberán presentar instancia no Rexistro Xeral do Concello. Unha vez elaborada a relación de admitidos, estes deberán facer efectivo o ingreso mediante abono en conta a nome do Concello na entidade financeira correspondente, e deberán presentar xustificante do abono nas dependencias municipais.

Cando por causas non imputables o obrigado o pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 7.-Pago

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicia a prestación do servizo ou a realización da actividade.

As débedas derivadas da falta de pagamento do prezo público poderán ser esixidas pola vía de prema nos termos establecidos no RD 939/2005,RXR.

Disposicion Derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada en sesión Plenaria de data 26.09.2007, e entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación definitiva, comenzando a aplicarse dende dito momento, mantendo a súa vixencia indefinidamente, en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

A presente ordenanza foi publicada no BOP nº252 de data 31/10/2007.

1. **Modificación:** Acordo plenario de data 28/05/2008. BOP nº182 de data 08/08/2008.
Modifícase o artigo 4.

2. **Modificación:** Acordo plenario de data 28/07/2011. BOP nº195 de data 13/10/2011
Modifícase o artigo 4.

3. **Modificación:** Acordo plenario de data 31/05/2012. BOP nº142 de data 27/07/2012.
Modifícase o artigo 4.

4. **Modificación:** Acordo plenario de data 31/05/2012. BOP nº148 de data 06/08/2012.
Corríxese erro no artigo 4.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

Artigo 1.º.–Fundamento e natureza.

En virtude do artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Teo impón o prezo público por servizo de escolas infantís municipais. O citado prezo é un recurso público de titularidade municipal e se regulará pola presente ordenanza reguladora, polo citado RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento xeral de recadación, e demais normas concordantes.

Artigo 2.º.–Servizos que grava o prezo público.

O prezo público que regula a presente ordenanza esíxese pola utilización do servizo das escolas infantís municipais do Concello de Teo, e por cada unha das prestacións que se contemplan no artigo 5.

Artigo 3.º.–Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4.º.–Criterios e variables para a determinación do prezo a pagar.

Para a determinación do importe mensual do prezo público mensual que recolle o artigo 5, teranse en conta os seguintes criterios e variables:

1.–A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

2. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, ou sen rendas propias que dependan economicamente da unidade familiar.

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Se calculará como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente. Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A renda per cápita anual calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

Artigo 5.º.–Importe do prezo público.

As tarifas do prezo público para cada prestación e segundo os niveis de renda, son os que se expoñen de seguido:

1. Atención educativa.

– O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

– Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Límite inferior (€)	Límite superior (€)	Xornada completa (€)
Inferiores ao 30% IPREM	–	159,75	–
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75	266,25	–
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25	399,38	33,00
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38	532,51	66,00
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51	665,64	85,00
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64	798,77	105,00
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77	1.065,02	139,00
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02		160,00

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. servizos complementarios.

1.–Servizo de comedor.

O servizo de comedor consta de tres servizos, o almuerzo, xantar e merenda. O prezo de cada un deles será segundo o contido do cadro seguinte:

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Límite inferior	Límite superior	Almorzo ou merenda	Xantar
Inferiores 30% IPREM	0 €	159,75	0	0
Entre 30-50%	159,75	266,50	0	0
Entre 50-75%	266,25	399,38	5	10
Entre 75-100%	399,38	532,51	10	20
Entre 100-125%	532,51	665,64	15	30
Entre 125-150%	665,64	798,77	20	40
Entre 150-200%	798,77	1.605,02	25	50
Máis do 200%	1.065,02		30	60

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 3 € polo xantar, e 2 € polo almuerzo e merenda.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

2.–Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

As horas complementarias tera unha contribución de 4 €. As familias cunha renda percapita inferior ao 75% € IPREM teran unha redución do 50%.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

3. Descontos sobre os prezos iniciais.

1.–Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas (categoría especial ou especial), desconto dun 20%.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%.
- d) Bonificación do 100% da cota de atención educativa.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas; esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data dada declaración do IRPF.

2.–Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

3.- Os usuarios e usuarias que teñan horario a quendas, e que polo tanto non fagan uso dos servizos de comedor de xeito continuado durante todo o mes, cobraráselles os servizos prestados facendo o cálculo proporcional sobre o custo mensual dos mesmos.

Artigo 6.º.–Suspensión temporal do pagamento.

A inasistencia da/do usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha, nin exención do pagamento do prezo establecido cos seguintes excepcións:

1.–Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar o prezo correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual da/o nena/o. Cando se fraccione o mes de vacacións en períodos de unha semana (non admitiran períodos inferiores), este desconto farase no mes no que faga o último período de descanso.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2.–Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar o prezo cando, por causa debidamente xustificada, a nena ou neno deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro, e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse no rexistro do concello, que resolverá sobre a procedencia da exención.

3.–Nos supostos de solicitudes formuladas fóra de prazo por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, o aboamento do prezo será dende o mes en que se lle concede a praza.

Nestes casos o pagamento correspondente ao mes de reincorporación ou incorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación.

Artigo 7.º.–Revisión dos prezos.

A) VARIACIÓN INTERANUAL DO IPC.

Os prezos públicos establecidos no artigo 3 actualizaranse cada curso escolar en función da variación interanual experimentada polo IPC para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se modificará o cadro de prezos desta ordenanza.

B) ALTERACIÓN DAS VARIABLES DE CÁLCULO DO IMPORTE. O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, xa que éstas inflúen sobre o cálculo do prezo final e os descontos aplicables. As variacións de mais do 25 % das rendas do traballo ou de actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de tres meses consecutivos, e xustificarse por medio da declaración do IRPF, certificación de desemprego ou calquer outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia. As variacións de mais do 15% e ata o 25% das rendas do traballo ou actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de seis meses consecutivos, e xustificarse por medio de declaración do IRPF, certificación de desemprego, ou calquer outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia. Aos efectos anteriores, todas/os obrigadas/os ao pagamento deberán comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e concretamente, deberán achegar antes do día 1 de xullo de cada ano a declaración do IRPF ou certificado negativo do ano inmediatamente anterior. De non dispoñer no prazo indicado deste documento, por imposibilidade de conseguilo da administración tributaria, a presentación farase no máis breve espazo de

tempo e sempre antes do día 31 de agosto do ano 2012. Sendo en calquera caso imprescindible para a incorporación efectiva ao centro no mes de setembro.

Artigo 8.º.–Réxime de pagamento e xestión.

1.– O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte.

2.–No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3.–Salvo o disposto no artigo 6 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

4.–A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa existencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

5.–Todas/os usuarias/os aboarán 11 mensualidades por curso, salvo as seguintes excepcións:

– Aboarán 10 mensualidades cando tendo que fixarse un mes de peche do centro por motivos debidamente xustificadas, este non coincida co mes de vacacións anuais das/dos proxenitoras/es ou responsables legais.

– Aboarán 12 mensualidades no caso de que a asistencia ao centro inclúa excepcionalmente os 12 meses do ano.

6.–O prezo público ingresarase na conta que indique o departamento municipal responsable da xestión das EIM ás persoas responsables do pago ao comezo do curso. No caso de que a titularidade desta corresponda a unha empresa privada xestora do servizo,

esta deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais.

Disposición derogatoria.

A partires da entrada en vigor da presente ordenanza queda automaticamente derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizo de escolas infantís municipais vixente dende 01/03/2004.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza reguladora entrará en vigor a partires do día 01/09/2013 e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

Disposición final

A presente modificación entrará en vigor o día 1 de setembro de 2022, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 25/05/2013 e publicada no BOP n103 de data 31/05/2013.

1. **Modificación:** Acordo plenario de data 24/09/2015. BOP nº228 de data 27/11/2015
Modifícase o artigo 4, o artigo 5e o artigo 7.

2. **Modificación:** Acordo plenario de data 26/07/2018. BOP nº 191 de data 05/10/2018
Modifícase o artigo 8.

3. **Modificación:** Acordo plenario de data 30/09/2020. BOP nº 203 de data 27/11/2020
Modifícanse o artigo 5 e 8.

4. **Modificación:** Acordo plenario de data 03/03/2021. BOP nº 83 de data 05/05/2021
Modifícase o artigo 5.

5. **Modificación:** Acordo plenario de data 27/04/2022. BOP nº 125 de data 04/07/2022
Modifícase o artigo 5

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS PISCINAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Artigo 1.-Réxime Xurídico

De conformidade co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Teo establece o prezo público por utilización das piscinas de titularidade municipal, que se regulará pola presente Ordenanza , e no seu defecto, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 2.º. Concepto. Servizos incluídos

1.- O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán as persoas usuarias que voluntariamente soliciten a utilización das piscinas municipais que de seguido se detallan:

1.1.-Piscina municipal descuberta da Insua-Luou.

1.2.- Piscina municipal descuberta dos Tilos.

1.3.-Piscina municipal cuberta de A Ramallosa (con todas as instalacións que incorpora).

Artigo 3.º Obrigados ao pago.

Estarán obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza aquelas persoas que se beneficien dos servizos e actividades polos que o mesmo se esixe.

Artigo 4.º . Tarifas.

O importe do prezo público pola utilización das piscinas municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

A).- Utilización piscinas descubertas:

A.1.- Persoas non abonadas: cada entrada, por día e persoa: 2,5 € (2,07€ sen IVE)

A.2.- Persoas abonadas de verán empadroadas no concello de Teo (con dereito a entrada e a recibir cursos en xullo e agosto).

- Cota única por abono de verán xove (12-24 anos): 14€ (11,57€ sen IVE). Nesta modalidade, as persoas titulares deberá acudir acompañado por un dos seus pais o primeiro día, que cumprimentará unha autorización responsable.
- Cota única por abono de verán adulto (25-64 anos): 17€ (14,17€ sen IVE)
- Cota única por abono de verán familiar: 27€ (22,31€ sen IVE)

NOTA: Considérase como unidade familiar a formada pola parella ou polos proxenitores e os fillos e fillas menores de 18 anos.

No abono de verán familiar poderán integrarse os fillos e fillas comprendidos entre os 18 e 25 anos, que convivan no domicilio familiar e se atopen realizando estudos oficiais ou en situación de paro, mediante unha cota de 8€ (6,61€ sen IVE) que se sumará ao custe do abono familiar

A.3. Están exentos de pagamento:

- As persoas que posúan abono da piscina municipal cuberta de Teo en calquera das súas modalidades.
- As familias que presenten a tarxeta do paro de todos os seus membros.
- Os maiores de 65 anos (a 1 de xuño de cada tempada), presentando o DNI.
- Os menores de 5 anos (a 1 de xuño de cada tempada), presentando o libro de familia
- Aquelas persoas que teñan a condición de pensionistas ou aquelas cuns ingresos familiares que non superen 1,5 veces o IPREM. Neste suposto, xustificarán a súa condición diante do departamento de Servizos Sociais do Concello de Teo, que emitirá un informe.

Para obter o carné de abonado/a das piscinas municipais descubertas deberán entregarse, nas oficinas administrativas da piscina municipal cuberta da Ramallosa, os datos identificativos da persoa, certificado de empadramento, e os datos da situación familiar ou dos Servizos Sociais, se fosen precisos

As persoas abonadas de verán poderán acceder ás instalacións da piscina cuberta da Ramallosa (só a zona de piscina), os días que, estando en período de funcionamento as piscinas descubertas, estas non se poidan utilizar por inclemencias meteorolóxicas. Esta incidencia será indicada mediante aviso na entrada das instalacións descubertas.

B).- Utilización piscina cuberta climatizada e dos servizos complementarios (ximnasio, sauna e vestiarios).

B.1. Persoas non abonadas:

- Entrada libre diaria adulto (25-65 anos) para piscina e servizos complementarios (ximnasio, sauna e vestiarios) sen límite de tempo: 5€ (4,13€ sen IVE)
- Entrada libre diaria xove (menor de 25 anos), terceira idade (maior de 65 anos) e colectivos desfavorecidos para piscina e servizos complementarios (ximnasio, sauna e vestiarios) sen límite de tempo: 4€ (3,31€ sen IVE)

B.2. Persoas abonadas

- Cota de matrícula (pago único mentres se manteña o abono): 20€
- Cota mensual por abono adulto (26-64 anos): 25€ (20,66€ sen IVE)
- Cota mensual por abono familiar (parella ou proxenitores e fillos e fillas menores de 18 anos.): 34€ (28,10€ sen IVE)

No abono familiar poderán integrarse os fillos e fillas con idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que convivan no domicilio familiar e se atopen realizando estudos oficiais ou en situación de paro, mediante o pago dunha cota de 8€ (6,61€ sen IVE) que se sumará ao custe mensual do abono familiar.

- Cota mensual por abono de tarifa reducida: xove (12-25 anos), 3ª idade (maiores de 65 anos) e colectivos desfavorecidos: 22€ (18,18€ sen IVE).

A condición de pertenza a un colectivo desfavorecido xustificarase coa presentación dun informe personalizado que se solicitará no departamento de Servizos Sociais do concello,

acompañado dun certificado de empadramento no concello de Teo. A condición de parado/a de longa duración será causa obxectiva de inclusión no colectivo de desfavorecidos

Se a persoa abonada é menor de idade, o titular deberá acudir acompañado por un dos seus pais o primeiro día, que cumprimentará unha autorización responsable.

- Cota mensual por abono de tarifa superreducida (que só permite o acceso ás instalacións en xornada de mañá, ata as 3 da tarde): 12€ (9,92 sen IVE)

A esta modalidade só poderán acollerse as persoas que se atopen en paro. No momento da inscrición deberán entregar un certificado de estar empadroad/a no concello de Teo e presentar a tarxeta de demandante de emprego, documentación que deberá reiterarse no momento de renovación cada tres meses.

- Cota de mantemento do abono: 10€ (8,26€ sen IVE). Poderase recorrer a esta modalidade un máximo de dous meses ao ano, debendo comunicarse por escrito nas oficinas administrativas da piscina cuberta da Ramallosa cun mínimo de dez días de antelación. Durante este período, os abonados/as non terán dereito de acceso á piscina e as instalacións anexas.

- Con carácter excepcional, e sempre por causas debidamente xustificadas mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo, poderase permitir o acceso ás instalacións sen custo para persoas empadroadas con discapacidade (e acompañantes se o necesitan), sempre que este uso teña finalidade terapéutica, ou noutras situacións especiais que poidan presentarse de carácter excepcional, ata un límite de 50 abonos activos ao mesmo tempo.

B.3. Cursos

CUSTE MENSUAL POR SESIÓN SEMANAL (IVE engadido)

	Abonados	Non abonados
Natación menores (4 a 15 anos) e 3ª idade (maiores de 65 anos)	7€	14€
Natación adultos (16-65 anos)	8€	16€

Natación bebés (0 a 3 anos)	9€	18€
Actividades de grupos reducidos (actividades regulares con prazas limitadas en propiedade)	9€	18€
Natación terapéutica ou pre/post parto	12€	24€
Preparación física individualizada ou rehabilitación individualizada	22€	36€
Pádel	22€	30€
Actividades con tarifa plana sen praza en propiedade (acceso a todas as actividades de sala, agás as de grupos reducidos)	12€	36€

NOTA: Os prezos reflectidos nesta táboa (agás o de actividades con tarifa plana), representan o custe mensual por unha sesión semanal. No caso de realizar varias sesións semanais (agás as actividades con tarifa plana), o custe mensual calcularase multiplicando o prezo de sesión semanal polo número de sesións contratadas.

B.4. Servizos

	Abonados	Non abonados
Valoración fisioterapéutica	28€	40€
Masaxe parcial	14€	18€
Masaxe completo	22€	30€
Aluguer rúa piscina (45 minutos)	12€	24€
Aluguer pista pádel (persoa e hora, custe mínimo de catro persoas)	1,5€	2,5€
Obradoiros (por persoa e semana un total de 20 h, 4h cada día)	30€	45€
Adestramento personalizado con monitor (por sesión de 1h)	22€	30€
Adestramento persoal sen monitor (novas tecnoloxías), por mes	4€	***
Custodia obxectos persoais	0,50€	
Natación escolar (sesión semanal)	6 €	
Reposición do carné de abonado por perda	2 €	

Para obter o carné de abonado/a da piscina municipal cuberta deberá entregarse, nas oficinas das propias instalación da piscina, os datos identificativos da persoa e os da situación familiar ou dos Servizos Sociais, se fosen precisos.

Para a integración de xoves entre 18 e 25 anos no abono familiar requirirase certificado de empadramento dos pais e fillos/as e xustificante de matrícula en centros oficiais de ensino ou de atoparse en situación de paro. Estas xustificacións deberán renovarse anualmente.

O dereito aos cursos obtérase entregando os correspondentes impresos nas propias instalación da piscina municipal cuberta e o xustificante de pago nas entidades bancarias colaboradoras.

Para o servizo de Natación escolar (sesión semanal 6 euros) requirirase xustificante de matrícula nun centro escolar do concello de Teo (CRA, CEIP ou IES).

Artigo 5.º Cobro

O prezo público devengarase cando se solicite a expedición do carné de usuario/a ou da entrada solta. Cando se utilicen as instalacións enumeradas no artigo 2 sen a previa autorización do órgano competente da administración municipal, o prezo público devengarase cando se inicie a efectiva utilización.

Os pagos en efectivo deben realizarse antes do día 1 do mes, agás os cursos que deberán estar pagados antes do día 25 do mes anterior (co obxecto de poder ofertar as prazas libres aos usuarios/as en lista de agarda). Os impagos das cotas suporán a baixa automática dende o primeiro día ou un recargo do 20% no caso de abonarse antes do día 10. A partir dese día será necesario pagar a matrícula para volver darse de alta.

As excedencias deben abonarse mediante domiciliación bancaria ou ben en efectivo no momento da súa solicitude”.

Os recibos devoltos polas entidades bancarias orixinarán un recargo de 3€.

Para as persoas non abonadas, o pago dos cursos de inverno (setembro a xuño) será trimestral, agás setembro, que se pagará en efectivo. No caso de renuncia ao curso antes do seu comezo ou nos primeiros quince días do mesmo, devolverase o 50% da tarifa trimestral. Calquera renuncia posterior non dará lugar a devolución.

As persoas abonadas que se dean de alta a partir do día 15 do mes, pagarán só a metade da tarifa dese mes.

Artigo 6.º Normas de xestión.

- As solicitudes para a expedición dos abonos de utilización das piscinas e para a inscrición nos cursos e actividades deportivas a realizar nas súas instalacións, así como as peticións de baixa, presentaranse nas oficinas administrativas da piscina municipal cuberta da Ramallosa, a excepción dos cursos de natación escolar que se tramitarán administrativamente nas oficinas municipais de deportes.

- A empresa concesionaria do servizo das piscinas municipais de Teo será a responsable da xestión de tramitación dos abonos de utilización das piscinas e da inscrición en cursos e actividades deportivas que se realicen nesas instalacións.

- As entradas soltas poderán adquirirse nos postos de control das propias piscinas. O usuario/a recibirá un resgardo da súa entrada na que aparecerá o prezo e a data de uso.

-A efectos da contabilidade municipal, a empresa concesionaria deberá presentar no rexistro xeral do concello, mensualmente, a conta recadatoria do prezo público correspondente ao mes anterior, desglosando os ingresos percibidos en función do tipo de abono ou entrada.

Disposición derogatoria.

Queda automaticamente derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das piscinas municipais vixente dende data 28/07/2009.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 15/11/2012 e publicada no BOP nº 16 de data 23/01/2013.

1. Modificación: Acordo plenario de data 27/06/2013. BOP nº168 de data 04/09/2013
Modifícase o artigo 4 e o artigo 5.

2. **Modificación:** *Acordo plenario de data 28/01/2016. BOP nº 69 de data 13/04/2016*
Modifícanse o artigo 4 e o artigo 5.

3. **Modificación:** *Acordo plenario de data 26/07/2017. BOP nº 69 de data 13/04/2016*
Modifícanse o artigo 4 e o artigo 6.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En virtude do artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Teo impón o prezo público por servizos de conciliación da vida familiar e laboral. O citado prezo é un recurso público de titularidade municipal e se regulará pola presente Ordenanza Reguladora, polo citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación, e demais normas concordantes.

Artigo 2º.-Servizos que grava o prezo público

O prezo público que regula a presente Ordenanza esíxese pola utilización do servizos de conciliación da vida familiar e laboral do concello de Teo. As condicións nas que se prestan estes servizos recóllense no correspondente regulamento, e son:

1.- Conciliación durante os períodos lectivos.

- Teo madrugá

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver dende ás 07.30 horas ate o comezo das aulas, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería
- Servizo de almuerzo para o alumnado interesado.

- Teo coida

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolver a partir do remate das aulas, durante a tarde, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria. Este servizo consiste:

- Servizo de gardería
- Servizo de merenda para o alumnado interesado.

2. Conciliación durante os períodos non lectivos. Diverteo

Os servizos de conciliación teñen un importante cometido durante os períodos non lectivos, xa que deben dar resposta a necesidade de atención que nenos e nenas teñen satisfeita durante o seu período escolar.

Horario entre ás 07.30 horas e as 15.30.

Servizos:

- Atención lúdica
- Servizo de alimentación:

o Almorzo

o Xantar

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolvera nos seguintes períodos:

- Dende o 1 de setembro ate o inicio das curso escolar
- Durante as vacacións do nadal
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño.
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Artigo 3º.– Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas que fagan uso dos servizos sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4º. – Criterios e variables para a determinación do importe do prezo público

Para a determinación do importe mensual do prezo público mensual que recolle o artigo 5, teranse en conta os seguintes criterios e variables:

1.- A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos proxenitores convivintes e:

1. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

2. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os que convivan na vivenda familiar e non teñan ingresos.
3. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.
- 4.- Os nenos e nenas en acollemento familiar, serán considerados como fillos ou fillas da unidade familiar das persoa ou persoas acolledoras.

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Calcularase como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente.

Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A renda per cápita anual calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

Artigo 5º.-Importe do prezo público.

As tarifas do prezo público para cada servizo , son as que se expoñen de seguido:

1) Conciliación durante os períodos lectivos:

● Teo madruga

Usuarios/as fixos/as:

- *O prezo mensual polo servizo de gardería e almorzo é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.*

- *A utilización do servizo de gardería sen almuerzo terá un prezo mensual de 40 €.*
- *No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos*

Usuarios/as ocasionais:

O prezo pola prestacións do servizo de gardería e almuerzo será de 4 € con almuerzo e de 3.5 sen servizo de almuerzo. Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

● ***Teo coida***

Usuarios/as fixos/as:

- *A utilización do servizo de gardería terá un prezo mensual de 40 € .*
- *O prezo mensual polo servizo de gardería e merenda (no caso de necesitar este servizo) é de 50 € por cada usuario ou usuaria ao mes.*
- *No caso de utilización do servizo por días soltos o curso será do 25 %, para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos*

Usuarios ocasionais:

O prezo pola prestacións do servizo de gardería será de 3.5 €, e se é con merenda 4 €. Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións excepto que servizos sociais de Teo, informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar”.

2) Conciliación durante os períodos non lectivos. Diverteo

O prezo do servizo de Diverteo, que incluíra atención educativa e de tempo libre, almuerzo e xantar, será de 9 € diarios. O computo total será a multiplicación desta cifra polo número de días lectivos de cada unha das convocatorias.

A utilización do servizo completo sen almuerzo serán 8.5 € diarios

A utilización do servizo completo sen xantar 5.5 € ao día.

A utilización do servizo, sen comedor (so atención educativa), será de 5 € por día”.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exencións :

- A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do servizo, determinara a bonificación do 100% da cota.

2.- Bonificacións:

- Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 25% sobre a cota despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda e por outras circunstancias familiares.
- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 50% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias numerosas segundo a definición da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establecida no apartado c) do artigo 4, terán unha bonificación do 25% da cota resultante despois de aplicarlle os descontos correspondentes por razón de renda. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarase, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que

non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.

- Cando os usuarios ou usuarias pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM Anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF”.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias nas que estea acollido un/unha ou máis menores terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Xustificarase coa documentación acreditativa do acollemento.

Artigo 7º. Cálculo anual-.

A determinación da renda e demais factores que influan na cota, determinarase para a todas as actividades de conciliación unha soa vez e terán validez para todas as demais actividades. A primeira actividade do ano escolar será o Diverteo do mes de setembro. Ós usuarios e usuarias que participen nunha actividade determinarase a renda e a bonificación para o resto ate o diverteo de agosto, incluído. De igual xeito a documentación necesaria para facer este procedemento será entregada so na primeira das actividades de conciliación nas que participe, e constituíran un expediente único para cada neno ou nena para ese curso.

Artigo 8º. Alteración das variables de cálculo do importe

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, que determine unha variación no cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

Artigo 9º. Período impositivo e nacemento da obriga de contribuír.

As matrículas do Teo madruga e Teo coida feitas no período ordinario poderán indicar unha data de alta no servizo distinta da prevista para o inicio do curso académico, que non poderá ser posterior ao 1 de outubro, aboando o servizo dende o día que se comece a utilizar o servizo .

Os usuarios/as fixos/as poderán variar a frecuencia de utilización do servizo sempre que a organización do servizo o permita e o soliciten mediante escrito motivado presentado no Rexistro xeral do Concello con antelación de sete días naturais. O Concello poderá negarse no caso de que as solicitudes de cambios na utilización do servizo supoñan problemas para a organización do mesmo, ou orixine problemas de compatibilidade no uso do servizo por parte dos/as outros/as usuarios/as. Para darse de baixa terá que comunicalo por escrito no Rexistro Xeral do Concello. A efectos do cobro, os cambios de frecuencia da utilización do servizo por parte dos/as usuarios/as fixos xurdirán efecto no mes seguinte sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior . No caso de cambios no medio dun mes en curso, os comunicadas entre o día 1 e 15, xurdirán efectos na segunda quincena do mes . Os comunicados con posterioridade ao día 15, xurdirán efectos ao mes seguinte.

A baixa provoca a extinción da obriga de pagamento sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a Baixa xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 15, darán lugar ao pagamento do 50% da mensualidade. Nas comunicadas con posterioridade ao día 15, o pagamento será da mensualidade completa.

As baixas de Diverteo unha vez comezada a actividade non darán lugar a devolución do pago realizado como matrícula. As que se produzan antes poderán dar lugar a devolución cando esta baixa estea xustificada por un motivo de forza maior ou de enfermidade de calquera persoa da unidade familiar. As baixas deberán presentarse por escrito no Rexistro xeral do Concello.

Artigo 10º. Réxime de pagamento e xestión.

Nos servizos de “Teo madruga” e “Teo Coida” a solicitude de matrícula ou solicitude de inscrición dos usuarios fixos dará lugar o alta no censo correspondente, emitíndose a mes vencido as correspondentes liquidacións que se xestionarán por padrón.

No servizo de “Diverteo” o prezo público xestionarase mediante autoliquidación. O pagamento das cotas de Diverteo farase no prazo que se indique na convocatoria, unha vez confirmada a praza. As persoas obrigada ao pago deberan entregar antes de rematado o mencionado prazo, o xustificante de telo realizado nas oficinas municipais.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, dará lugar á perda do dereito a dispoñer do servizo.

Disposicións

Disposición Derogatoria

Queda derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servizos de conciliación da vida persoal e familiar vixente ata hoxe no concello de Teo.

Disposición Transitoria

Os prezos públicos recollidos nesta ordenanza comezaran a aplicarse a partir da edición do Diverteo do mes de xuño.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza Reguladora entrará en vigor a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 15/12/2015 e publicada no BOP nº 33 de data 19/02/2016.

1. Modificación: *Acordo plenario de data 29/09/2016. BOP nº 229 de data 02/12/2016 Modifícase o artigo 6.*

2. **Modificación:** Acordo plenario de data 31/05/2017. BOP nº 158 de data 22/08/2017
Modifícase o artigo 6.

3. **Modificación:** Acordo plenario de data 30/12/2020. BOP nº 45 de data 09/03/2021
Modifícase o artigo 2.1, 5.1, 9.

4. **Modificación:** Acordo plenario de data 30/06/2021. BOP nº 160 de data 24/08/2021
Modifícase o artigo 4, 5, 6.2, 9, 10.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PRIVADO POR ENTRADA A ESPECTÁCULOS TEATRAIS

Artigo 1.–fundamento.

En uso das facultades outorgadas polo artigo 142 da Constitución e de conformidade có disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora da Facendas Locais, o concello de Teo establece o prezo privado por entradas a espectáculos tetrais

Artigo 2.–Servizos que grava o prezo privado.

O prezo privado que regula esta Ordenanza esixese para poder acceder como espectador/a a recintos municipais non que se exhiban espectáculos escénicos desenvolvimos pola compañía concesionaria do servizo de dinamización e produción teatral.

As condicións nas que se prestan estes servizos serán as seguintes:

A compañía concesionaria do servizo de dinamización e produción teatral desenvolverá un mínimo de 12 actuacións anuais de artes escénicasde produción propia, de calidade, nas que os espectadores deberán aboar unha entrada de acordo coa tarifa establecida nesta ordenanza. Estas exhibicións van dirixidas a enriquecer a oferta cultural que o Concello de Teo programa fundamentalmente no Centro Sociocultural da Ramallosa.

Artigo 3.–Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo, as persoas que accedan como espectadores a recintos municipais nos que se exhiban espectáculos escénicos descritos no apartado anterior.

Artigo 4.–Importe.

O importe do prezo privado a satisfacer de forma directa polos usuarios do servizo de exhibición de artes escénicas é unico e queda establecido en 10€ por entrada e espectador.

Artigo 5.–Réxime de pagamento e xestión.

– As exhibicións de artes escénicas nas que os espectadores deberán aboar a entrada serán xestionadas pola compañía residente, que realizará o cobro das entradas de acordo con esta ordenanza.

– O prezo a satisfacer de forma directa polos usuarios do servizo, a razón de 10 euros por entrada, forma parte do prezo do contrato administrativo de servizos estipulado na cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de referencia, polo que será recadado e a beneficio da compañía que xestione o servizo.

Disposicion derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor a partires do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

A presente ordenanza foi aprobada mediante Acordo Plenario de data 28/04/2016 e publicada no BOP nº123 de data 30/06/2016.